

BIOSFERA E BIODIVERSIDADE

ANO 2021



Organización
de las Naciones Unidas
para la Educación,
la Ciencia y la Cultura



Red
Española de
Reservas de
la Biosfera



Programa
MaB
1971-2021

Memoria anual 2021
**RESERVA DE BIOSFERA
MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO
ASOCIACIÓN MARIÑAS-BETANZOS**



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



unesco

ÍNDICE

Programa sobre el Hombre
y la Biosfera

Benvinda a esta memoria	5
A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”	6
A Asociación nunha ollada no ano 2021	8
Así somos, coñécenos	9
Descobre a nosa historia	11
O noso modelo organizativo	12
Así traballamos.....	18
Así coidamos e valorizamos o noso territorio	22
Plan de choque e xestión adaptativa.....	24
Cumprimento das funcións de conservación	30
Comunicación	37
Sostibilidade do medio rural.....	43
Sostibilidade de pesca e marisqueo	52
Producións e turismo de calidade	54
Ciencia e desenvolvemento de capacidades	66
Cooperación e asociacións.....	78
Conservación dos recursos patrimoniais.....	85
Anexo I: Entidades asociadas, agrupadas sectorialmente.....	889
Anexo II: Proxectos apoiados pola Medida LEADER na Convocatoria 2021-2022	966
Resultados económicos	977
Esperamos as túas suxestións.....	978



Benvida a esta memoria



No ano 2008, un grupo de Concellos acompañados doutras entidades locais de carácter social, ambiental e económica, constituímos a Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”, co obxectivo e coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes interesados en promover o desenvolvemento rural, no noso ámbito de actuación.

Ademais desde o ano 2013 somos a entidade impulsora e de xestión da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, recoñecida mundialmente pola UNESCO nese ano.

No ano 2017 fomos declarada Asociación de Utilidade Pública pola Xunta de Galicia.

Durante estes anos foron acontecendo cambios no territorio e na sociedade, así como novas demandas, que temos ido acompañando e impulsando, poñendo en marcha novos proxectos.

Se queres participar activamente, asóciate!

A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

Esta Memoria pretende reflectir o traballo levado a cabo durante o ano 2021, destacando a xestión da Medida LEADER, e a posta en marcha de novos proxectos clave para a xeración de emprego e a creación de novos servizos á poboación.

Na convocatoria Leader (2021-2022) téñense concedido 20 axudas a proxectos, comprometendo 457.362,24 euros, tramitados en colaboración coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER), da Consellería do Medio Rural.

O ano 2021 ten servido para avanzar e consolidar á Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” como destino Ecoturístico, avanzando na certificación de Restaurantes e Aloxamentos da Biosfera, creando novos produtos ecoturísticos que buscan posicionar e diferenciar a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas fronte a outros destinos. Ademais tense iniciado o traballo coas empresas do territorio para diminuír a pegada de CO₂, así como na identificación de estratexias para compensar a mesma. Este traballo está dirixido a acadar un destino ecoturístico neutro en Carbono.

Reforzamos para a colaboración coa cidade de A Coruña na posta en marcha de proxectos achegar os nosos produtos aos restaurantes da cidade. Temos iniciado tamén un camiño de colaboración coa Cátedra de Sostibilidade de Hijos de Rivera, e traballamos con Inditex en reforzar a venda de alimentos locais en circuítos cortos a través dun portal electrónico.

Destacar tamén o avance do Programa EcoComedores, que está en fase de consolidación, pois a Fundación Carasso elixiu o proxecto “EcoComedores da Biosfera” para axudarnos a fortalecer e ampliar este proxecto durante os anos 2021 e 2022.

Durante o ano 2021 tamén continuaron as actuacións dirixidas á mellora ambiental do territorio, como son os proxectos LIFE FLUVIAL para a mellora da xestión dos corredores fluviais en zona de Rede Natura 2000, así como o proxecto LIFE WATER WAY no Camiño de Santiago, coordinadamente coas entidades socias como a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, EMALCSA, Augas de Galicia, o Concello de Abegondo, o Instituto Tecnolóxico de Galicia, e IBADER, entre outras.

Tamén desenvolvemos diferentes actividades formativas e de asesoramento dirixidas aos produtores alimentarios da Reserva de Biosfera, co obxectivo de mellorar a xestión das súas explotacións, en aspectos como produción, manipulación e comercialización dos produtos

alimentarios, identificar oportunidades para a diversificación produtiva e fortalecer o traballo en rede e a cooperación entre os mesmos.

Quixera sinalar que neste ano 2021 nos temos visto “inundados” de propostas de novos parques eólicos no noso territorio, sendo todos eles analizados e presentando alegacións co obxectivo de non ver condicionado o noso futuro, os nosos hábitats e os nosos pobos.

Participamos en actividades no Día Mundial da Eliminación da Violencia contra a Muller, onde os 24 Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) de Galicia unímonos para realizar actos que visibilizaron a mensaxe “O rural contra a violencia de xénero”.

Quedan por diante moitos retos, e vai a ser clave para consolidar as liñas de traballo iniciadas o Plan de Sustentabilidade Turística. Un dos pilares deste Plan será a redución e compensación da Pegada de CO₂. Vaise a reforzar a Marca da Reserva de Biosfera, a súa vinculación coa sustentabilidade, a calidade e a proximidade (Km0), así como a mellora na accesibilidade a infraestruturas turísticas.

Outra oportunidade que se presenta no ano 2022, son as axudas destinadas ás Reservas de Biosfera, e que serán financiadas a través dos Fondos Next Generation, para a posta en marcha de proxectos de mellora ambiental e onde tamén tentaremos identificar a folla de ruta para esta década.

Entramos tamén no décimo ano tras a declaración como Reserva de Biosfera, polo que recibiremos a avaliación da UNESCO e teremos que renovar o noso Plan de Xestión (2023-2032) da Reserva de Biosfera.

Sinalar o elevado compromiso do noso Comité Científico, formado por persoas de recoñecido prestixio científico e académico, e que están sempre dispostos a botar unha man cando os necesitamos.

Finalmente, quixera animar a todas as persoas e entidades que están a traballar neste territorio, a que participen e colaboren coas súas achegas neste proxecto común que é a Reserva de Biosfera, ademais de agradecer o esforzo de quenexa o están a facer.

Recoñecer a implicación de todos os Concellos que están axudando a facer posible co seu cofinanciamento moitos dos proxectos, así como a moitas entidades que están a sumar. E como non, gracias a esta Xunta Directiva pola súa adicación e compromiso co territorio.

Todos estes axentes xunto coa poboación local, fainos máis fortes!!

José A. Santiso Miramontes

Presidente Asociación Mariñas-Betanzos

Reserva Biosfera “ Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

A Asociación nunha ollada no ano 2021

111 entidades asociadas

17 concellos participantes na Asociación

116.724 ha onde promovemos un desenvolvemento sustentable

+198.378 persoas habitan no noso ámbito de actuación

+ 272 alumnas e alumnos nas actividades formativas

+ 330 persoas asistiron ás xornadas técnicas que organizamos

+ 2.600 alumnas e alumnos no Programa Eco-Comedores alimentándose en ecolóxico con produto local e tempada

+ 2.240 alumnas e alumnos no Programa “Educando na Biosfera”

+ 10.697 persoas forman parte da nosa comunidade virtual

8 persoas traballando na asociación

Un equipo excepcional de entidades colaboradoras



Así somos, coñécenos



A **Asociación de Desenvolvemento Rural “Mariñas-Betanzos”** constitúese en xullo do ano 2008 como Grupo de Desenvolvemento Rural. A asociación ten como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Curtis, Culleredo, Miño, Irixoa, Oleiros, Oza-Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

A NOSA VISIÓN

A valorización do territorio, incidindo na mellora da calidade de vida da poboación local a partires do noso patrimonio natural, cultural e do fomento da cohesión social

A NOSA MISIÓN

Converternos no núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento integral do territorio de actuación.

OS NOSOS PRINCIPIOS

Como entidade integrante da economía social, rexémonos por unha serie de principios de actuación:

Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta nunha xestión autónoma e transparente, democrática e participativa.

Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica.

Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.

Independencia respecto dos poderes públicos

O **compromiso co territorio**, fronte ao despoboamento e ao envellecemento no medio rural galego, inxectando estabilidade e traballando a medio e longo prazo.

O fortalecemento da democracia institucional e económica



Descubre a nosa historia

2008

Constitución da asociación e inicio da xestión do programa LEADER 2007-2013
Coordinación proxecto cooperación “Rede de Espazos Ambientalmente Competitivos”

2010

Proxecto “Novos Horizontes” para a recuperación de variedades hortícolas locais

2013

Declaración como “Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

2014

Deseño do Plan Alimentario da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e lanzamento
Proxecto Eco-Comedores Ecolóxicos

2015

Premio Camiño de Santiago (Xunta de Galicia)

2016

Posta en marcha de dous viveiros para o emprendemento agroalimentario
Adhesión á Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN)-España
Participación no Congreso Mundial da Rede de Reservas de Biosfera

2017

Declaración de Utilidade Pública da Asociación Mariñas-Betanzos
Incorporación ao Club de Produto Turístico Reservas de Biosfera Españolas

2018

Adhesión de 3 empresas á Marca da Rede Española de RBs e 25 á Marca Mariñas Coruñesas
Constitución da Rede Galega de Reservas de Biosfera
Inscripción no Rexistro Entidades Ambientais de Galicia
Irmanamento coa Reserva de Biosfera Illa do Príncipe

2019

Premio Michel Batisse da UNESCO
Entidade xestora do Xeodestino turístico “A Coruña e as Mariñas” e destino SICTED
Acordo de colaboración coa Reserva Biosfera Illa da Palma
Primeiro destino de Ecoturismo de Galicia
Celebración I Foro Xóvenes de Reservas de Biosfera de España
Alta como Entidade de Cooperación para o Desenvolvemento
Alta como Entidade de Custodia do Territorio

2020

Inclusión da Ruta do Impresionismo como Itinerario Cultural Europeo (Ruta L Loréns)
Actuacións de mellora en espazos Rede Natura (LIFE FLUVIAL)
Plan formación COVID-19 para a Restauración
Convenio co Concello da Coruña para accións conxuntas en Turismo

2021

Distinción de calidade turística do Ministerio polos envases ecolóxicos dos Restaurantes da Biosfera
Premio Fundación Botín a “A Auga non Para” (EMALCSA - Reserva Biosfera MCeTM)
Alta na Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia
Premio Agader á Reserva de Biosfera pola promoción do Rural como destino Turístico

O noso modelo organizativo

A **Asemblea Xeral** é o máximo órgano de decisión da Asociación, integrada por todas as entidades que forman parte dela. Estas entidades están organizadas en 10 mesas sectoriais, onde se pon en común a problemática do sector que representan, coa finalidade de establecer posibles actuacións de mellora e canalizando á **Xunta Directiva** aquelas suxestións, demandas, proxectos e iniciativas que o sector considere.

MESAS SECTORIAIS

Mesa das administracións públicas e sector público.

Mesa do sector institucional

Mesa do sector agrario, gandeiro, cooperativo, sector forestal e da madeira.

Mesa de asociacións de mulleres.

Mesa de asociacións, deportivas, recreativas, de veciños, culturais e ANPAS.

Mesa de asociacións e colectivos medioambientais e mocidade.

Mesa do sector de turismo e hostalería.

Mesa de asociacións de empresariado multisectorial, asociacións profesionais e artesanía.

Mesa da pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral.

Mesa de colectivos de acción social, discapacidade e ONGD.

A **Xunta Directiva** da Asociación está formada polos representantes das entidades asociadas, organizadas segundo as Mesas Sectoriais.


José A. Santiso Miramontes (Presidente/a. Mesa administracións públicas). Concello de Abegondo
Cesar Longo Queijo (Vicepresidente. Mesa administracións públicas). Concello de Paderne
Catalina Rodríguez Rodríguez (Secretaria. Mesa asociacións de mulleres). AMFAR Cambre
Aida Pérez Barredo (Tesoureira. Mesa asoc. empresariado multisectorial, asoc. profesionais e artesanía). Federación de Asociaciones Empresariales de As Mariñas.
Carlos Vales Vázquez (Vogal. Mesa sector institucional). CEIDA
Patricia Amado Varela (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Arteixo
Alberto Platas Álvarez (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Aranga
Alejandra Pérez Máquez (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Bergondo
Francisco Quintela Requeijo (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Coirós
Javier Francisco Caínzos Vázquez (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Curtis
Jéssica Méndez Santos (Vogal. Mesa administracións públicas). Concello de Culleredo
José Domiro Garrote Martín (Vogal. Mesa pesca, marisqueo, acuicultura e desenvolvemento do litoral). GALP Golfo Ártabro Sur
Juan Castro Insua (Vogal. Mesa sector agrario, gandeiro, forestal e da madeira). CMVMC Monte Xalo
José A. Roca Díaz (Vogal. Mesa sector agrario, gandeiro, forestal e madeira). CMVMC Montes Raño
Lucas Quintas Gómez (Vogal. Mesa asoc. culturais, deportivas, recreativas, veciños e ANPAS). Asociación Camiño dos Bouzos
José Francisco Castro Vilariño (Vogal. Mesa asoc. culturais, deportivas, recreativas, veciños e ANPAS). Asociación Vedoeira.
Andrés Rodríguez Pereira (Vogal. Mesa asociacións e colectivos medioambientais e mozos). Grupo Naturalista Hábitat
Carlos Rodríguez Silvar (Vogal. Mesa asociacións e colectivos medioambientais e mozos). Sociedade Galega de Historia Natural
José Soto Martínez (Vogal. Mesa sector turismo e hostalería). Asociación Turismo Sostible A Coruña.
Ricardo Iglesias San Martín (Vogal. Mesa colectivos acción social, discapacidade e ONGD). ASPACE
José Alén Álvarez (Vogal. Mesa de colectivos de acción social, discapacidade e ONGD). ASPANAES

Un **20%** das persoas da Xunta Directiva son mulleres, fronte ao **80%** de homes.

Un **38%** das persoas son representantes das Administracións Públicas, un **47%** representantes de todo tipo de asociacións (sectoriais, culturais, de veciños, de mulleres...), Un **10%** representantes de colectivos de persoas con discapacidade e un **5%** de representantes de organismos institucionais, non administracións.

A Asociación creou unha estrutura de goberno para a formulación, desenvolvemento e avaliación da estratexia, liñas de acción e programas da Reserva de Biosfera e así, garantir o cumprimento dos obxectivos do Programa MaB da UNESCO.

A ESTRUCTURA DE GOBERNO DA RESERVA DE BIOSFERA



Membros Comité Científico da Reserva de Biosfera (ano 2021):

Jerónimo Puertas Agudo. Docente e Investigador da UDC. Área Hidráulica de Canais e Ríos.

Juan Castro Ínsua. Centro Investigacións Agrarias de Mabegondo. Xunta de Galicia.

Carlos Vales Vázquez. Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA).

Pablo Ramil Rego, Profesor da Área de Botánica da Universidade de Santiago de Compostela.

Venancio Salcines Cristal. Presidente da Escola de Finanzas de A Coruña.

Enrique Sáez Ponte. Presidente da Fundación Juana de Vega.

Andrés Precado Ledo. Catedrático Xeografía Humana, USC.

Francisco Javier Sanz Larruga. Catedrático Dereito Ambiental, UDC.

Antía Pérez Caramés. Doctora. Facultade de Socioloxía.

Ángeles Romero Rodríguez. Catedrática Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía (USC).

Darío Prada Rodríguez. Catedrático Química Analítica. UDC.

Alfredo Erias Martínez. Ex-Director Museo das Mariñas e Anuario Brigantino.

Isabel Aguirre de Urcola. Arquitecta paisaxista.

Pedro Calaza Martínez. Director da Escola Galega da Paisaxe. Fundación Juana de Vega.

Elvira Sahuquillo Balbuena. Profesora Titular Departamento Bioloxía Animal, Bioloxía Vexetal e Ecoloxía da UDC.

Marta Rey García. Profesora de Economía e Empresa da Universidade de A Coruña

Adina Dumitru. Directora do seu Campus de Especialización na Sustentabilidade

Xosé Antón Fraga Vázquez. Director do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses

A NOSA ESTRUTURA DE PERSOAL

A nosa estrutura de traballo baséase nun modelo participativo onde se traballa por proxectos, distribuíndo as tarefas en torno a distintas áreas que abarcan a toda a asociación, cunha xerencia e un equipo técnico, que da contas á Xunta Directiva e ao seu Presidente.

Jorge M. Blanco Ballón. Xerencia LEADER e Xestor da Reserva de Biosfera

Concepción Bonome González. Técnico Proxectos LEADER e xestión económico-financieira

Miguel Fernández Pardo. Técnico LIFE

Ignacio García Presedo. Técnico Proxectos innovación e educación ambiental

Diego López Pedreira. Técnico Turismo do Xeodestino "As Mariñas Coruñasas".

Diego Miranda Barrós. Técnico Emprendemento e Formación da Medida LEADER

Mónica Rodríguez Pérez. Administración

Iria Suárez Corral. Técnico en Practicas



O NOSO TRABALLO

O noso traballo baséase na **metodoloxía LEADER** centrada en tres pilares básicos: o Territorio e os seus Recursos, a Estratexia Local e a Participación da Poboación, tendo oito principios básicos:

1. Enfoque ascendente.
2. Estratexia territorial de desenvolvemento adaptada á realidade.
3. Principio de colaboración público-privada
4. Actuacións integradas e multisectoriais.
5. Animación e impulso aos procesos de innovación.
6. Cooperación dentro do territorio e con outros territorios.
7. Conectar o territorio con distintas redes temáticas.
8. Equipo técnico a disposición do proceso de desenvolvemento.



Así traballamos




A **Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” (MCeTM)** céntrase en fomentar o **aproveitamento sostible** dos recursos endóxenos, así como a conservación do patrimonio natural e cultural que identifica a este territorio, permitindo a mellora da calidade de vida da poboación local.

Para conseguilo, desde a Asociación impulsamos a definición do **Plan de Xestión da Reserva de Biosfera MCeTM (2013-2022)** que é a folla de ruta do noso modelo de actuación. Ten tres ámbitos fundamentais: Conservación, Desenvolvemento Sostible e Apoio Loxístico.

O Plan de Xestión deste Plan (2013-2022) estrutúrase en 9 Liñas de Acción:

- A. PLAN DE CHOQUE E XESTIÓN ADAPTATIVA.
- B. CUMPRIMENTO DAS FUNCIÓNS DE CONSERVACIÓN.
- C. COMUNICACIÓN.
- D. SOSTIBILIDADE DO MEDIO RURAL COA BIODIVERSIDADE.
- E. SOSTIBILIDADE DA PESCA E MARISQUEO COA BIODIVERSIDADE.
- F. PRODUCIÓNS E TURISMO DE CALIDADE.
- G. CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES.
- H. COOPERACIÓN E ASOCIACIÓNS.
- I. PROMOCIÓN DOS RECURSOS ETNOGRÁFICOS E PATRIMONIAIS.

Para a execución das diferentes accións, temos en conta a perspectiva dos nosos **grupos de interese**:



*Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación



Ademais, a asociación como organización con entidade xurídica propia, conta cuns protocolos de actuación para minimizar os nosos impactos ambientais e sociais.

IMPACTO ECONÓMICO

A nosa entidade conta cuns protocolos de actuación en materia de compra sustentable, complementándose a valoración en termos de tempo, calidade e coste.

IMPACTO SOCIAL

A organización ten unha inquietude por involucrarse e impactar positivamente no territorio. Ademais apostamos polos nosos recursos humanos, creando un entorno onde o desenvolvemento persoal e profesional vaian da man.

IMPACTO AMBIENTAL

A Asociación conta cuns principios de actuación responsables co ambiente, tratando sempre de mellorar o desempeño.

IMPACTO ECONÓMICO: Impulsamos a economía local

Dende a Asociación impulsamos a contratación de empresas que estean comprometidas co territorio. A organización conta cun **protocolo de contratación** na que sempre, se solicitan 3 orzamentos.

A Medida Leader (2014-2020) financiada con fondos Europeos (FEADER) supuxo unha inxección de fondos públicos de 3.724.696,92 millóns de euros desde o 2014 ata 2021 (incluídos).

IMPACTO AMBIENTAL: Coidamos a contorna

A Asociación conta cun local cedido polo Concello de Abegondo, onde desenvolvemos as nosas actividades. Esta é unha localización provisional pendente de traslado a un novo local onde as instalacións estean adaptadas á minimizar a nosa pegada de Carbono (iluminación de baixo consumo, sistemas de calefacción eficiente..etc.). Aínda así, sempre tratando de mellorar o noso desempeño, desenvolvemos as seguintes accións:

- **Campañas de sensibilización sobre o consumo de auga a través de mensaxes a favor do aforro en todos os puntos de toma de auga das nosas instalacións.**
- **Aforro de enerxía calorífica a través da instalación de radiadores de baixo consumo.**
- **Uso de papel reciclado na xestión diaria.**
- **Fomento da Administración Electrónica.**
- **Calculo e redución da pegada de CO₂ das nosas actividades.**
- **Apoio a Concellos na implantación do PACES.**
- **Actividades en modalidade *online* para a redución da pegada de CO₂.**

IMPACTO SOCIAL: Contribuímos a un mundo mellor

Emprego Xuvenil. A nosa aposta polo fomento do emprego xuvenil materialízase a través da sinatura de convenios de cooperación con entidades educativas para que xente nova poida facer prácticas na nosa entidade. Temos asinado convenios coa Universidade de A Coruña ou a Universidade de Santiago de Compostela. Neste ano 2021 teñen feito practicas con nós unha alumna, Lorena Rodríguez Seoane.

Loxística solidaria. Somos colaboradores da Fundación SEUR a través dos seus programas de loxística solidaria. Para elo recollemos os tapóns de plástico para os seus programas de axuda á infancia.

Voluntariado ambiental. Promovemos o voluntariado ambiental e o compromiso da xuventude coa mellora do entorno.

Mellora da Saúde. Promovemos a mellora da alimentación saudable nas escolas.

Así cuidamos e valorizamos o noso territorio



As Reservas de Biosfera (RdB) son territorios preocupados por innovar e amosar que é posible compaxinar a conservación ambiental e o desenvolvemento socioeconómico sostible.


A Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” abarca un total de 116.724 ha (113.969,7 ha terrestres e 2.754,6 ha mariñas), que representa o 14,33% da superficie da provincia de A Coruña, repartidas en 17 concellos.

O noso modelo de traballo baséase no **Plan de Xestión 2013-2022**, que foi elaborado contando coa participación dos principais axentes do territorio e das entidades que participan na xestión e que teñen competencias na Reserva de Biosfera.

A **Visión** deste Plan céntrase en **fomentar a conservación do patrimonio natural e cultural** que identifica ao noso territorio, a través da compatibilización dos **usos e aproveitamentos sustentables da poboación local**, que permita a **mellora da calidade de vida dun modo sustentable**.

Ademais este Plan de Xestión foi a base para construír **o proceso participativo de deseño e elaboración da Estratexia Leader 2014-2020** para o territorio Mariñas Betanzos. Neste proceso constituímos diferentes mesas sectoriais nas que estarán representadas todas as nosas entidades asociadas. Con este enfoque participativo e colaborativo queremos conseguir unha estratexia de futuro integradora para o noso territorio.

Desde o ano 2020 traballamos nun novo Plan de Xestión para afrontar a década 2020-2030 cos novos retos identificados nos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible.



PLAN DE CHOQUE E XESTIÓN ADAPTATIVA

ACCIÓN	LOGROS 2021
<i>Funcionamento dos órganos de xestión</i>	<ul style="list-style-type: none">• Reunión Asemblea Xeral 12 abril 2021• Reunión Xunta Directiva 25 marzo; 12 xullo; 28 setembro; 7 outubro de 2021• Reunión Comité Científico
<i>Participación pública</i>	<ul style="list-style-type: none">• Parques eólicos na Reserva de Biosfera
<i>Sede Reserva Biosfera</i>	<ul style="list-style-type: none">• Centro de estancias para persoal investigador• Tematización Centro Recepción Visitantes
<i>Xornadas para animar a participación</i>	<ul style="list-style-type: none">• Xornadas Urbact• Salón Internacional Turismo B Travel• III Torneo Golf Terra das Mariñas• I Xornada Ecoturismo Galicia

REUNIÓN ASEMBLEA XERAL

En xuño do 2021 celebrouse, no edificio sociocultural de A Senra (Bergondo), a reunión da Asemblea Xeral da Asociación Mariñas-Betanzos co obxecto de aprobar as contas anuais do 2020, indicadores, a modificación da Estratexia Leader e do Baremo, aprobando tamén Actividades e Orzamento para 2021.



REUNIÓNS XUNTA DIRECTIVA

Ao longo do ano 2021 celebráronse 4 reunións (25 marzo; 12 xullo; 28 setembro; 7 de outubro) da Xunta Directiva, co obxectivo de debater, formular e aprobar os diferentes proxectos postos en marcha.

Debido á situación sanitaria, as reunións de setembro e outubro celebráronse de modo telemático.



REUNIÓN COMITÉ CIENTÍFICO

En abril do 2021 celebrouse unha reunión do Comité Científico, na que se avaliaron os proxectos postos en marcha durante o ano 2020 e se debateron as propostas para o 2021. Tamén serviu esta reunión para abordar as diferentes propostas de parques eólicos con posibles repercusións no territorio.



PARQUES EÓLICOS NA RESERVA DE BIOSFERA

Na páxina web da Reserva de Biosfera MCeTM cóntase cun apartado de Información Ambiental no que se recollen todos os proxectos sometidos a información pública con afección ao territorio da RB:

<https://www.marinabetanzos.gal/evaluacion-ambiental-de-proyectos>

Informouse aos membros do Comité Científico da Reserva de Biosfera de que están planificados estes parques, e que se irá subindo información deles na Web, ademais de abordalos na reunión do Comité celebrada no mes de abril.

No ano 2021 analizáronse os seguintes proxectos, presentando alegacións:

- Parque Eólico Legre (Oza-Cesuras).
- Parque Eólico Gato (Oza-Cesuras; Sobrado).
- Parque Eólico Pena Ombra (Curtis; Sobrado).
- Parque Eólico Penas Boas (Oza-Cesuras, Aranga).
- Parque Eólico Pena do Corvo (Monfero) e a súa infraestrutura de evacuación (Betanzos, Carral, Coirós, Irixoa, Monfero, Ordes, Oza-Cesuras, Paderne, Vilarmaior).
- Parque Eólico Alto dos Borralllos (Curtis, Sobrado) e a súa infraestrutura de evacuación (Sobrado, Vilasantar, Curtis, Mesía, Oza-Cesuras, Abegondo, Carral, Ordes).
- Parque Eólico Meirama (Cerceda, Carral, Ordes).
- Parque Eólico As Encrobas (Cerceda, Carral, Ordes).
- Parque Eólico Mistral (Xermade, Guitiriz, Vilalba), Parque Eólico Nordés (Concellos de Cerdido, Moeche, Valdoviño) e a súa infraestrutura de evacuación (Concellos de Cerdido, Moeche, Somozas, As Pontes, Monfero, Aranga, Coirós, Oza-Cesuras, Abegondo).
- Parque Eólico Pena da Cabra (Concellos de Toques, Sobrado).



Desde a Oficina Técnica da Reserva de Biosfera presentáronse as alegacións correspondentes aos proxectos destes parques eólicos.

Nas devanditas alegacións analizáronse as solucións propostas, o alcance e os contidos específicos a considerar (ámbito de actuación e consideracións iniciais, hidroloxía, medio biótico, fauna, flora, Rede Natura 2000 – Zonificación da Reserva de Biosfera – Estratexia de Infraestrutura Verde da área da Coruña, patrimonio cultural, paisaxe e medio socioeconómico) trasladando alegacións (análise agregada do impacto do total dos parques proxectados, medidas sobre a biodiversidade: flora, fauna e especies vulnerables, medidas dirixidas á mellora da participación da poboación local, medidas dirixidas á posta en valor do patrimonio natural e arqueolóxico, etc.).

CENTRO PARA ESTANCIAS DE PERSOAL INVESTIGADOR NA RESERVA

O Concello de Abegondo promoveu o proxecto de creación do Centro de Recepción de Visitantes da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, no edificio da Antiga Reitoral de San Tirso (Mabegondo – Abegondo).

No ano 2021 o Concello de Abegondo promoveu e presentou o proxecto “Centro para Estancias de Investigadores na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” á convocatoria da Medida Leader (2021-2022).



Este proxecto permitirá adecuar, e dotar de equipamento a este Centro de estancia para que persoas investigadoras poidan cumprir os obxectivos do Plan de Xestión da Reserva de Biosfera no eido da ciencia e investigación.

O uso principal que terá o centro será para estancias de persoas de fora do territorio que desenvolven actividades de investigación vinculadas co territorio da Reserva de Biosfera.



A RESERVA DE BIOSFERA PARTICIPA NAS XORNADAS URBACT – A CORUÑA

Os días 13 e 14 de maio do 2021, o Vicepresidente e o Xestor da Reserva de Biosfera MCeTM participaron na xornada de Institucións e iniciativas a nivel mundial para unha alimentación urbana sustentable de URBACT e EDUSI, organizadas polo Concello da Coruña.

Esta sesión puxo o foco no programa URBACT, o Pacto de Milán, a COP 26 e a Glasgow Food and Climate Declaration.

O obxectivo foi articular un diálogo multinivel entre as distintas escalas co obxectivo de formular unha análise e propostas para mellorar a implantación da agricultura urbana, a soberanía alimentaria, a alimentación sostible, o Pacto de Milán en cidades, no marco dos preparativos da COP 26 en particular, e dos programas de Desenvolvemento Urbano Sostible Integral en xeral.



A RESERVA DE BIOSFERA PARTICIPA NO SALÓN INTERNACIONAL DE TURISMO B TRAVEL

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo participou os días 11 e 13 de xuño no Salón Internacional de Turismo B Travel 2021 de Barcelona, convidada pola Deputación da Coruña, como exemplo demostrativo no ámbito do Ecoturismo ao ser o Primeiro Destino de Ecoturismo certificado de Galicia, a través do Club de Ecoturismo de España.

Neste evento déronse a coñecer todas as iniciativas postas en marcha na Reserva de Biosfera MCeTM ligadas ao ecoturismo, e os diferentes produtos comercializados.



III TORNEO GOLF TERRA DAS MARIÑAS

En Agosto do 2021 celebrouse en Miño o III Torneo Golf Terra das Mariñas, que ten servido para promocionar diferentes experiencias sensoriais postas en marcha pola Reserva de Biosfera.



MARIÑAS CORUÑESAS NA I XORNADA DE ECOTURISMO DE GALICIA

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas participou na I Xornada de Ecoturismo de Galicia organizada pola Xunta de Galicia, como exemplo de primeiro Destino de Ecoturismo certificado de Galicia.

No evento, celebrado en decembro en Santiago de Compostela participou o técnico de turismo da Reserva.

Na xornada púxose en valor a labor que están a desenvolver na Reserva de Biosfera MCeTM todos os axentes implicados que están a facer realidade un modelo de xestión do territorio diferente, enmarcados na filosofía da Reserva de Biosfera.



Esta cita foi a antesala á celebración do Congreso de Ecoturismo de España, que virá por primeira vez a Galicia o vindeiro ano e ao cal acolleremos na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

MARIÑAS CORUÑESAS PRESENTA A SÚA CAMPAÑA “SINTE COS CINCO SENTIDOS”

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas presentou no mes de maio, no Acuario Finisterrae da Coruña, a campaña “Sinte cos cinco sentidos” que ten como obxectivo a promoción do destino turístico da Reserva de Biosfera, as experiencias e os recursos turísticos.

Este acto celebrouse no mes de maio e contou coa participación da Directora Xeral de Desenvolvemento Rural, da Consellería de Medio Rural, o Vicepresidente da Deputación da Coruña, así como o Presidente da Reserva de Biosfera MCeTM, e tamén serviu para adiantar a campaña que se presentaría en FITUR 2021.



CUMPRIMENTO DAS FUNCIÓNS DE CONSERVACIÓN

ACCIÓN	LOGROS 2021
<i>Mantemento, restauración e recuperación dos hábitats e especies</i>	<ul style="list-style-type: none">• Life Fluvial• Life Water Way• Premio o proxecto do primeiro paso soterrado para Lontras en Galicia• Cálculo Pegada CO2• Plan Xestión ENIL Brañas de Sada• Convenio USC e Ceida



Desde a Reserva de Biosfera séguese traballando na mellora dos corredores fluviais situados en Rede Natura 2000, a través do proxecto Life Fluvial.

Este proxecto ten como obxectivo xeral a mellora do estado de conservación dos corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas de España e Portugal, que abarcan tres Reservas de Biosfera galegas.

Actuacións desenvolvidas na anualidade 2021

1. Traballos de restauración de hábitats; á marxe das actuacións desenvolvidas noutros ámbitos xeográficos obxecto do proxecto Life Fluvial, ao longo da anualidade 2021 no territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- a. Actuacións na ZEC Betanzos-Mandeo. No ano 2021 traballouse na execución de pequenas lagoas para anfibios, na plantación de especies autóctonas, así como na eliminación de flora invasora na marxe esquerda da Ría de Betanzos, dentro dos terreos do concello de Bergondo.



- b. Actuacións na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre. No ámbito da caseta de control de EMALCSA eliminouse unha plantación de pinos e realizouse unha plantación de árbores autóctonas, tendo en conta os criterios de seguridade do encoro. Por outro lado tamén se realizaron actuacións de control de rebrotes de especies exóticas invasoras no perímetro do encoro.

- c. Instalación dun pousadoiro para a aguia peixeira na ZEC Betanzos-Mandeo. Froito das colaboracións do Life Fluvial co conxunto de colectivos ambientais xurde a proposta do GN Hábitat para a colocación dun pousadoiro na marisma para a aguia peixeira.



2. Actividades de comunicación e difusión.
 - a. Realización do audiovisual do proxecto (<https://www.lifefluvial.eu/es/productos/videos/>).
 - b. Exposición itinerante do proxecto.

3. Divulgación e sensibilización.

- a. Actividades de divulgación presencial a centros escolares do territorio que se achegaron a preto de 600 nenas e nenos, con temáticas como o ciclo da auga, talleres de debuxo na natureza ou coñece ao río Mandeo (curso 2021-2022).
- b. Celebración do Día Mundial dos Humidais, no que se contou coa colaboración de ASPACE (Febreiro/2021).
- c. Seminario técnico sobre conservación de corredores fluviais como base para a recuperación da ictiofauna piscícola(Abril/2021).
- d. Celebración do día Mundial da Terra (Abril/2021).
- e. Xornada de voluntariado en Cullergondo - Abegondo (Abril/2021).
- f. Xornada de voluntariado no río Brexa - Carral (Abril/2021)
- g. Xornada de voluntariado en Sada, coa implicación de Aspace (Abril/2021).
- h. Xornada de voluntariado en O Pedrido - Bergondo (Maio/2021).
- i. Xornada de voluntariado na ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre (Xuño/2021).
- j. Xornada de voluntariado no MVMC de San Antón - Irixoa (Xuño/2021).
- k. Xornada de voluntariado na praia de Alba - Arteixo (Xullo/2021).
- l. Seminario "Aprendizaxes do proxecto Life Fluvial para a súa incorporación ao Programa de Medidas do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa 2021-2027" (Xullo/2021).
- m. Feira de Ciencia Open Science Cambre 2021 (Setembro/2021).
- n. Seminario técnico "Mellora e xestión sostible dos corredores fluviais da rexión atlántica ibérica como estratexia para frear a perda de biodiversidade I", CFEA Lourenzá (Outubro/2021).
- o. Xornada de voluntariado na praia de Arnela - Sada (Outubro/2021).
- p. Seminario técnico "Mellora e xestión sostible dos corredores fluviais da rexión atlántica ibérica como estratexia para frear a perda de biodiversidade II", CFEA Lourenzá (Novembro/2021).



LIFE+ WATER WAY: MELLORANDO O ABASTECIMENTO DE AUGA NO CAMIÑO INGLÉS

A iniciativa, denominada Life Water Way, conta co financiamento da Unión Europea, a coordinación do Concello de Abegondo, e a participación de Augas de Galicia, a Consellería de Sanidade, a Deputación da Coruña, o Instituto Tecnolóxico de Galicia e a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Creáronse 28 puntos de auga, dos cales 2 son fontes naturais (Cruz de Beira (Abegondo); Travesas (Carral); Bruma (Mesía)). Son por tanto as tres primeiras fontes naturais con auga potable coas que conta o Camiño Inglés.

Todas elas realizan a potabilización mediante luz ultravioleta e filtración e que se alimenta da luz solar, e que está sendo testado.

Nas restantes 25 fontes incluídas a auga procede das redes de abastecemento municipal.

Ademais, tense elaborado un Plan de mantemento e autocontrol desta Rede piloto de fontes.

Así mesmo, na anualidade 2021, elaboráronse o pregos de condicións e realizouse o rexistro na Oficina Española de Patentes e Marcas a marca de calidade das fontes.

Dada a necesidade do mantemento futuro da rede de fontes, analizáronse diferentes posibilidades de recuperación de custos que asegurasen a súa sustentabilidade. Finalmente optouse polo deseño e venta dunha botella reutilizable que se identificase co Proxecto Life Water Way e que estivese ao dispor dos peregrinos nos albergues do Camiño. Para a súa venta, creouse unha plataforma *On line* para a adquisición destas botellas.



Web: <https://lifewaterway.eu/>



PASO SOTERRADO DE LONTRAS EN CECEBRE

O proxecto de deseño e construción dun paso soterrado de fauna salvaxe para lontras, contando coa implicación dos diferentes axentes locais: cidadanía, entidades ambientalistas, Concello de Cambre, Comité Científico da Reserva de Biosfera, Empresa Municipal de Aguas de Coruña (EMALCSA), así como a Xunta de Galicia contou do recoñecemento da Federación Española de Municipios e Provincias, outorgado ao Concello de Cambre.

Este proxecto consistiu no deseño e construción dun paso soterrado de fauna, facilitando atravesar a estrada AC-221 de titularidade autonómica, moi preto do encoro de Abegondo-Cecebre, co obxectivo de evitar atropelos, e mellorando a mobilidade das lontras por este espazo incluído na Rede Natura 2000, e zona núcleo da Reserva de Biosfera.



REDUCIÓN DA PEGADA DE CO2 NAS EMPRESAS TURÍSTICAS

Durante o ano 2021 a Asociación Mariñas-Betanzos desenvolveu o “Proxecto piloto para o cálculo e redución da pegada de carbono dirixido a empresas turísticas da Marca de Calidade da RB MCE™”.

Este proxecto tivo como obxectivo calcular a pegada de carbono en dez empresas turísticas do territorio. Con este cálculo, traducido a kg de CO2, pódese estudar unha redución da pegada.



Paralelamente, preténdese que a pegada que as empresas non logren reducir se poida compensar a través da plantación de árbores ou mellora de espazos ambientalmente de interese, capaces de absorber o CO2 da atmosfera.

As empresas participantes foron:

Empresas

Cabañas de Canide	Casa Paquita
Casa de Barreiro	Restaurante Casanova
Hostal Pórtico	Orballo
A Artesa da Moza Crecha	Os Biosbardos
Casa Celia	Queixos Cagiao


Entre os resultados cabe destacar:

- Implementación de medidas para a redución da Pegada de CO2 nos establecementos turísticos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
- Reforzo da Marca de Calidade da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e a súa vinculación coa sustentabilidade e a proximidade (Km 0) mediante a incorporación do cálculo e rexistro da pegada de carbono do MITECO como selo distintivo.
- Creación de Experiencias Turísticas 100% certificadas en Ecoturismo e neutras en carbono.
- Dotar de ferramentas ao empresariado turístico local para compensar a pegada de carbono da súa actividade turística no territorio e empregalo como ferramenta promocional de cara ao novo perfil de turista.
- Mellorar o estado ambiental e a conservación de espazos naturais a través da compensación da Pegada de CO2 das actividades turísticas na Reserva de Biosfera.
- Diferenciar, engadir valor, promocionar e difundir os recursos locais, produtos e servizos turísticos que potencien as actividades económicas tradicionais e a economía social no marco da sustentabilidade, nun territorio que conta co selo UNESCO dende o ano 2013.

PLAN DE XESTIÓN DO ENIL BRAÑAS DE SADA


Durante o ano 2021 a Asociación Mariñas-Betanzos xunto coa Sociedade Galega de Historia Natural, asumindo un papel moi activo, colaboraron co Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), da Universidade de Santiago de Compostela na elaboración do Plan de Conservación do Espazo Natural de Interese Local (ENIL) Brañas de Sada, finalmente aprobado polo Concello é presentado á Consellería de Medio Ambiente.

Este Plan senta as bases para a conservación do humedal, para a restauración dos seus hábitats, a erradicación das especies invasoras e a recuperación da conectividade ecolóxica, como principais retos.



CONVENIO NO ÁMBITO DA BIODIVERSIDADE E OS HUMIDAIIS

No ano 2021 a Asociación Mariñas-Betanzos, o Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER), da Universidade de Santiago de Compostela, o CEIDA e o Concello de Sada asinaron un Convenio de Colaboración para a posta en marcha de iniciativas e actividades sobre as temáticas relativas ao estudo, seguimento e xestión da biodiversidade dos humidais, acordes cos obxectivos e directrices establecidas a nivel internacional (Convenio Ramsar, Convenio de Diversidade Biolóxica, Obxectivos e Metas do Desenvolvemento Sostible), da Unión Europea (Estratexia da Unión Europea sobre a Biodiversidade) así como coa normativa estatal e autonómica.



COMUNICACIÓN

ACCIÓN	LOGROS 2021
<i>Estratexia de comunicación da RdB</i>	<ul style="list-style-type: none">• Potenciación das redes sociais• Medios comunicación• Sensibilización e divulgación• Participación en revistas temáticas• Distincións no 50 Aniversario do Programa MaB



A NOSA COMUNICACIÓN CO ENTORNO

A principal canle de comunicación co entorno é a nosa [páxina web](#), que contou cunha media de **9.534 visitas** durante o 2021. Nesta web, xunto coas redes sociais, tamén nos facemos eco das novidades e actividades doutras entidades públicas e privadas da Reserva de Biosfera.



Este ano 2021 tamén se comezou a traballar no deseño dun novo espazo web da Reserva de Biosfera, máis accesible, coa información actualizada e cun deseño máis adaptado ás novas tendencias na comunicación *online*.

www.marinasetanzos.gal

A nosa comunicación vese reforzada polos nosos impactos en medios de comunicación, que ascenderon a máis de 100 durante todo o ano 2021.



REDES SOCIAIS

Ademais contamos con presenza en diferentes redes sociais porque queremos estar atentos ás demandas que xorden na nosa contorna, tendo un espazo específico para poder falar cos diferentes axentes sociais cos que interactuamos.



SENSIBILIZACIÓN E DIVULGACIÓN

Entre as principais liñas de traballo desenvoltas pola Asociación están as dirixidas á sensibilización e divulgación sobre aspectos clave da Reserva, abertos a toda a cidadanía. Consideramos que esta é unha labor primordial, xa que permite dar a coñecer os problemas socio-ecolóxicos e promover a acción da cidadanía.

Publicacións en revistas:

Organismo Autónomo de Parques Nacionais (OAPN):

<http://rerb.oapn.es/documentacion-y-difusion/boletines>

Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN):

<https://www.uicn.es/actualidad-ceuicn/boletin/>

Rede de Reservas de Biosfera en Illas e Zonas Costeiras:

<http://zeroplastic.islandbiosphere.org/Contingut.aspx?IdPub=1028>



EUROPARC (ESPAÑA) ANIVERSARIO 2021

En el año 2021 se participó en el webinar “Día Europeo de los Parques 2021: la próxima generación. Áreas protegidas para la adaptación al cambio climático, la salud y la educación ambiental”.

La actividad se desarrolla en el marco del proyecto Integración de las áreas protegidas en el territorio: alianzas, conectividad ecológica e infraestructura verde, desarrollado

por la Fundación Fernando González Bernáldez y EUROPARC-España con el apoyo de la Fundación Biodiversidad del Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico.

<https://www.redeuroparc.org/webinario-dia-europeo-parques-2021>



GUÍA DE PRODUCTOS AGROALIMENTARIOS DE EXCELENCIA DA RESERVA DE BIOSFERA

O proxecto de crear unha Guía de Produtos Agroalimentarios de Excelencia da Reserva de Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo” naceu coa premisa de que expertos multidisciplinares analizasen sensorialmente e a cegas os produtos do territorio en comparación a outros foráneos. Estes expertos abarcan desde cocineiros/as ata catadores, pasando por produtores, gastronomos e prescritores.

Un panel rotativo de máis de 20 catadores que desde maio e ata finais de setembro cataron máis de 300 produtos agroalimentarios certificados na Marca de Calidade da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

A Guía de Produtos de Excelencia de Mariñas Coruñesas servirá para poñer en valor o territorio como Destino Gastronómico de primeiro nivel, gracias as súas características agroclimáticas e os produtos de gran calidade existentes no territorio e amparados pola Marca de Calidade de Mariñas Coruñesas.

Por outra banda tamén vai a ser un importante apoio para os Restaurantes e Aloxamentos da Biosfera, así como para os produtores agroalimentarios locais certificados, que dispoñen dunha ferramenta clave para a promoción deste territorio como Destino Gastronómico.

Descargar guía: <https://marinas-corunesas-web.s3.eu-west-1.amazonaws.com/Gui%CC%81a-Excelencias-da-Reserva-de-Biosfera.pdf>



RECOÑECIMENTOS “RESERVAS DE BIOSFERA”

No 2021, o Organismo Autónomo de Parques Nacionais, convocou a primeira edición dos “Recoñecementos Reservas de Biosfera ao compromiso medioambiental” cos que impulsar e recoñecer a aquelas organizacións que enmarcan a súa actividade nas Reservas de Biosfera e promoven a formación ambiental e a investigación, axudan á conservación do patrimonio natural e ao desenvolvemento socioeconómico das áreas e concellos que conforman as Reservas de Biosfera.

Entre as candidaturas recoñecidas nestes premios, están da nosa Reserva as seguintes:

- Contribución á promoción e conservación dos valores da Reserva de Biosfera, Orballo (Paderne).
- Contribución á promoción e conservación dos valores da Reserva de Biosfera, Acastrexa (Cambre).
- Contribución á promoción e conservación dos valores da Reserva de Biosfera, Artesa da Moza Crecha (Betanzos).



EDICIÓN DE MATERIAIS DE SENSIBILIZACIÓN

Realizáronse 11 vídeos turísticos promocionais dun minuto, cos produtos turísticos creados, as experiencias, recursos, así como sobre a Marca Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

- Experiencia “Sinte As Mariñas Coruñesas. Galicia en estado puro”

[Experiencia “Sinte As Mariñas Coruñesas. Galicia en estado puro!” - YouTube](#)

- Experiencia "O corazón das Mariñas Coruñesas. Ecoturismo cos cinco sentidos!

[Experiencia "O corazón das Mariñas Coruñesas. Ecoturismo cos cinco sentidos!" - YouTube](#)



- Actividades da Reserva

[Actividades certificadas pola Reserva da Biosfera - YouTube](#)

- Aloxamentos da Reserva

[Aloxamentos certificados da Reserva da Biosfera - YouTube](#)

- Formación das empresas da Reserva

[A formación das empresas da Reserva de Biosfera - YouTube](#)

- Interior da Reserva

[O interior da Reserva de Biosfera - YouTube](#)

- O litoral da Reserva

[O litoral da Reserva de Biosfera - YouTube](#)



- Os produtores da Reserva

[Os produtores da Reserva de Biosfera - YouTube](#)

- Os restaurantes da Reserva

[Os restaurantes da Reserva de Biosfera - YouTube](#)

- Sustentabilidade

[A sustentabilidade das empresas da Reserva de Biosfera - YouTube](#)



- A Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras Mandeo

[Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo - YouTube](#)

SOSTIBILIDADE DO MEDIO RURAL

ACCIÓN	LOGROS 2021
<i>Emprego verde</i>	<ul style="list-style-type: none">• Formación ao sector alimentario e persoas emprendedoras• Aconsellamento a produtores• Programa Eco-Comedores• Marketplace• Proxectos de cooperación
Medida LEADER	<ul style="list-style-type: none">• Medida Leader 2021 (Anexo II)



FORMACIÓN AO SECTOR ALIMENTARIO E PERSOAS EMPREENDEDORAS

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo desenvolveu diferentes actividades formativas no ámbito do Plan de Formación ao Agro Galego 2021, impulsado pola Consellería de Medio Rural, co obxectivo de apoiar e promover a competitividade do sector agrario en Galicia.

XORNADA “MELLORA NA CALIDADE ORGANOLÉPTICA DOS VIÑOS DAS IXP DE GALICIA”.

Esta xornada celebrouse o 30 de Xullo no Espazo de Coworking de Souto (Paderne). Tivo unha duración de 5 horas e contou coa participación de 12 persoas.

A través desta actividade formativa pretendeuse que o alumnado tivera unha visión do actual posicionamento no mercado dos viños das IXP de Galicia e de como poder outorgarlles unhas características que lles poidan ofrecer vantaxes de mercado que os fagan máis competitivos. Ademais das opcións de mercado e ferramentas comerciais, deuse a coñecer como facer a este caldos máis atractivos para o consumidor, tanto a través de melloras das súas calidades organolépticas.



XORNADA “CÁLCULO DA PEGADA DE CO2 NAS ACTIVIDADES PRODUTIVAS AGRARIAS”.

Tivo lugar o 15 de Outubro na Aula da Natureza Juan Lembeye (Culleredo). Tivo unha duración de 5 horas, e contou coa participación de 23 persoas.

A través desta actividade formativa pretendeuse que o alumnado coñecera as ferramentas existentes para o cálculo da pegada de CO2 nas explotacións e industrias agrarias, así como as estratexias de redución e mitigación.



XORNADA “BOAS PRÁCTICAS AGRARIAS NO CULTIVO DO TRIGO DO PAÍS”.

Celebrouse o 22 de Outubro na Aula de O Naranxo (Abegondo), cunha duración de 5 horas, e coa participación de 27 persoas.

A través desta actividade formativa pretendeuse mellorar a formación dos produtores de trigo en Galicia, contribuíndo a aportar pautas de manexo que incrementen a súa rendibilidade.



XORNADA “OPORTUNIDADES DA AGRICULTURA DIXITAL PARA PEQUENAS EXPLOTACIÓNS AGROINDUSTRIAIS”.

O 29 de Outubro no Salón de Plenos do Concello de Abegondo, cunha duración de 4 horas e a participación de 15 persoas. Esta xornada foi impartida por Rafael Rivadulla e José Luis Cortiñas, de Agronovo Ecoloxía.

A través desta actividade formativa pretendeuse que o alumnado coñecera as opcións de ferramentas dixitais para a oferta e xestión de pedidos nunha empresa alimentaria, así como para a distribución dos produtos e a facturación dos mesmos. Desta maneira, unha vez coñecidas e avaliadas as alternativas dispoñibles, poderanse por en práctica aquelas que se adapten mellor a cada unha das necesidades.



XORNADA “COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS CÁRNICOS PROCEDENTES DE PEQUENAS EXPLOTACIÓNS”.

Celebrouse o 5 de Novembro na Casa de Cultura Vila Concepción (Cambre), cunha duración de 4 horas, e a participación de máis de 15 persoas.

A través desta actividade formativa pretendeuse que o alumnado adquirise capacitación sobre as posibilidades de elaboración de produtos cárnicos para pequenos produtores que se abren trala revisión do, ata o de agora, chamado “paquete de hixiene”, recollendo excepcións, adaptacións ou flexibilizacións así como os requisitos estruturais das instalacións para poder empregar os métodos tradicionais de produción.

En particular, cómpre destacar as novas regulacións para pequenos matadoiros ou matadoiros móbiles, así como a legalización do sacrificio de aves de curral fóra do matadoiro.



CURSO “XESTIÓN EMPRESARIAL DUNHA EXPLOTACIÓN HORTÍCOLA ECOLÓXICA”.

Tivo lugar os días 12, 15 e 16 de Novembro no Espazo de Coworking de Souto (Paderne), contou cunha duración de 16 horas, e contou coa participación de 16 persoas.

A través desta actividade formativa pretendeuse que o alumnado ao finalizar o curso fose capaz de realizar a xestión técnica económica dos cultivos dunha explotación agraria ecolóxica, optimizando a organización e explotación dos seus recursos, así como tomar decisións empresariais de forma autónoma.



XORNADA “POSIBILIDADE DE VENDA DE OVOS PROCEDENTES DE EXPLOTACIÓNS AVÍCOLAS ARTESANAIS”.

Celebrouse o 22 de Novembro no Espazo de Coworking de Souto (Paderne), cunha duración de 4 horas e a participación de 23 persoas.

A través desta actividade formativa pretendeuse que o alumnado tivese formación sobre as posibilidades comerciais que abren normativas como a regulación das explotacións avícolas artesanais ou a venda directa dos produtos primarios.



ACONSELLAMENTO A PRODUTORES E PERSOAS EMPREENDEDORAS

Desde a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas prestamos aconsellamento técnico e asesoramento a produtores agroalimentarios do territorio, así como a persoas emprendedoras interesadas en poñer en marcha as súas iniciativas emprendedoras.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos está recoñecida pola Xunta de Galicia como Entidade de Aconsellamento, coa súa inclusión no Rexistro de Entidades con Servizos de Asesoramento e Xestión de Galicia (RESAXEGA).



Hai que destacar que durante o ano 2021 se desenvolveron, entre outras, as seguintes actividades:

- Visitas a explotacións agrarias para o asesoramento agronómico (pragas e enfermidades, deseño producións e desenvolvemento cultivos, revisión instalacións, fertilización, etc.).
- Tramitación de axudas para a incorporación de persoas mozas á actividade agraria.
- Asesoramento sobre xestión técnico-económica e comercialización.
- Identificación de terras agrarias ociosas e abandonadas, susceptibles de poñerse en produción.
- Asesoramento a persoas emprendedoras sobre o acceso a terras agrarias, axudas de incorporación, comercialización e xestión técnico-económica, etc.

En total, durante o ano 2021, atendéronse a máis de 15 persoas.

PROXECTO ECO-COMEDORES DA BIOSFERA

Desde a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas se está traballando no proxecto “Eco-Comedores da Biosfera: ferramenta para un cambio social, animando o consumo de produtos ecolóxicos de temporada e proximidade en centros escolares”, que conta co apoio da Fundación Carasso.

O orzamento da anualidade do ano 2021 foi de 50.199,29 euros.

Entre as actividades desenvoltas durante o 2021 destacar as seguintes:

- Análise da situación actual e identificación de “pescozos” de botella e necesidades do sector produtor.
- Definición da situación actual e identificación de necesidades dos comedores escolares.
- Avaliación da posibilidade de incorporación de novos operadores ecolóxicos.
- Definición de contidos específicos para o apoio técnico ao sector produtor e á comunidade escolar.
- Implementación de actuacións para o sector produtor e á comunidade escolar.
- Elaboración de materiais e publicacións técnicas para a animar e dinamizar os obxectivos do proxecto.
- Eventos de difusión e divulgación.
- Elaboración de material e vídeos divulgativos:
 - <https://www.youtube.com/watch?v=cgjp7U5iDuo>
 - <https://www.youtube.com/watch?v=HNocfONfgEs&t=152s>
 - <http://marinasbetanzos.gal/plan-alimentario/consumo-ecoloxico-nos-centros-escolares/>

En total, participan no proxecto:

- 11 centros escolares.
- 7 produtores alimentarios.
- 1 empresa multinacional, con comedor colectivo.

Web: <https://mercado-ecocomedores.pod.coop/1129/producers>




MELLORANDO A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUTOS ALIMENTARIOS



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPRESA E INNOVACIÓN

Desde a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo desenvolveuse o proxecto “Creación e lanzamento da plataforma de marketplace para produtos agroalimentarios no medio rural”, cun custe de 34.404,25 € e que contou cunha axuda de 27.523,40 € da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.



O obxectivo final deste proxecto foi a creación dunha plataforma para favorecer a venda en circuitos curtos dos produtos alimentarios e potenciar a comercialización en circuitos curtos dos produtos adheridos á Marca de Calidade Reserva de Biosfera MCeTM.

Con esta plataforma buscábase:

- Facilitar a compra de produtos adheridos á Marca de Calidade da Reserva de Biosfera, inicialmente nos Eco-Comedores e Comedores colectivos de colexios e outras entidades.
- A diminución da pegada de carbono derivada do transporte.
- Mellorar a calidade e o packaging dos produtos da Marca, a través do deseño e creación de produtos sostibles de packaging.
- Avanzar no proceso de transformación dixital e adaptarse á nova demanda e perfil das persoas consumidoras.
- Servir



Se está traballando de cara a organizar a loxística necesaria para facer as compras e servir os pedidos nos comedores colectivos e eco-comedores.

Web: <https://mercado-biosfera.pod.coop/1060/producers>

PROXECTO ALIMENTOS DA BIOSFERA

A Asociación Mariñas-Betanzos é o GDR coordinador do proxecto “Alimentos da Biosfera: rede para a promoción de circuitos curtos alimentarios baixo a marca Reservas de Biosfera Españolas”.

Neste proxecto de cooperación tamén participan os seguintes GDRs: Asociación Seitura 22, GDR Ulla-Tambre-Mandeo, Asociación Terras de Miranda, Asociación Terra Chá, ADR Comarca de Lugo, Asociación, Montes e Vales Orientais, ADR Limia-Arnoia e Asociación Miño-Ulla.

Este proxecto iniciouse na anualidade 2021 e desenvolverase tamén durante a anualidade 2022.

A finalidade deste proxecto é impulsar desde os Grupos de Acción Local as marcas propias asociadas a cada Reserva de Biosfera, así como a marca estatal das Reservas de Biosfera Españolas para producións alimentarias, como estratexia para a mellora da calidade destas producións e que contribúan á mitigación do cambio climático e mediante o fomento do consumo en circuitos curtos locais.

Entre as actuacións realizadas durante o ano 2021 están:

- Traballo de campo para a identificación e proposta ás diferentes empresas a súa adhesión á Marca propia, así como á de RBs Españolas.
- Identificación das necesidades das empresas agroalimentarias, así como definir os protocolos de mellora na calidade dos produtos, e no empaquetado e etiquetaxe. As 14 empresas analizadas pertencen aos seguintes sectores:
 - Venta e elaboración de cárnicos.
 - Sector lácteo: produción de queixo e/ou leite.
 - Horta; elaborados e conservas vexetais.
 - Produción de setas.
- Análise da situación actual nos centros educativos do territorio (12 centros educativos analizados).
- Formación e intercambio de experiencias con outros territorios (participouse en 3 seminarios).



INCORPORANDO ILUSIÓNS NO RURAL

A Asociación Mariñas-Betanzos participa no proxecto de cooperación “Incorporando ilusións no rural” (2021-2022), xunto cos GDRs Asociación Seitura 22 (Grupo coordinador), ADC Terra Cha, ADR Comarca de Lugo, ADR Suroeste Eurural, ADR Limia-Arnoia.

nó rural



INICIO PRÁCTICAS E BOLSAS ENQUISAS TRABALLO NOVAS CONTACTO

Entre os obxectivos deste proxecto están os de incentivar e facilitar o retorno e a inserción laboral da xuventude nas zonas rurais, así como impulsar o número de persoas mozas que incorporen ao sector agrícola.

A través desta rede para animar a incorporación de persoas no sector primario, foméntase o emprendemento e a mellora da empregabilidade, conectando as empresas das áreas rurais e o talento da mocidade, mellorando a coordinación e o traballo en rede das administracións públicas, empresas, centros educativos e universidades pola permanencia ou retorno do talento da xuventude ao rural.

Trátase de relacionar aos diferentes axentes que xa están a traballar no ámbito do emprego, xuventude e sector agrogandeiro, constituíndo unha rede de colaboración a prol da inserción laboral.

Con este proxecto facilítase un novo servizo de prácticas e estadias en empresas nos territorios que mellore as competencias profesionais da xuventude e lles facilite o acceso ao mundo laboral a través do contacto coas empresas

Por outra banda identificarase un “Banco de Oportunidades” para cada un dos territorios ou GDR, á disposición dos usuarios do servizo: explotacións sen relevo, instalacións ociosas, terras, etc.

Entre as actuacións levadas a cabo durante a anualidade 2021, están:

- Creación dunha plataforma dixital.
- Elaboración de plans de empresa “tipo”.
- Busca de persoas mozas interesadas en realizar prácticas en empresas do territorio.

Web: <https://norural.gal/>

Convenio Nó Rural - Campus Terra USC

Prácticas en empresa, institución ou organismos



A Asociación Mariñas-Betanzos participa no proxecto de cooperación “Dinamización e promoción das IXP de Viños de Galicia” (2021-2022).

Este proxecto de cooperación é coordinado pola ADR Pontevedra O Morrazo e participan a ADR Mariñas-Betanzos, a ADR Suroeste Eurural, Asociación Deloa, ADR Comarca de Ourense, GDR Salnés-Ulla-Umia.

A finalidade deste proxecto é impulsar a viticultura nas IXP de viño de Galicia (IXP Viño da Terra de Betanzos, IXP Ribeiras do Morrazo, IXP Viños das Terras de Barbanza e Iria, IXP Valo do Miño – Ourense), abordando cunha metodoloxía participativa a dinamización interna e externa das IXP, con intercambio de experiencias, mellorando o coñecemento e posicionamento web, promocionando os seus viños e adegas, desenvolvendo o enoturismo e aflorando sinerxias.



Actuacións desenvolvidas na anualidade 2021:

- Xornada de dinamización das IXP de Galicia.
- Elaboración de materiais divulgativos.
- Reunións de coordinación entre as entidades participantes.
- Elaboración web do proxecto: <https://xn--vios-hqa.ixp.gal/gl>

SOSTIBILIDADE DE PESCA E MARISQUEO

ACCIÓN	LOGROS 2021
<i>Fomento pesca e marisqueo sostibles</i>	<ul style="list-style-type: none">• Mellora da gobernanza para a sostibilidade dos recursos pesqueiros, ambientais e turísticos da Ría de Betanzos• Participación Maridar



MELLORAR A GOBERNANZA E A SOSTIBILIDADE DOS RECURSOS PESQUEIROS

Desde a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo presentouse no ano 2021 o proxecto “Mellora da gobernanza para a sostibilidade dos recursos pesqueiros, ambientais e turísticos da Ría de Betanzos” ao GALP Golfo Ártabro Sur, e conta co apoio da Consellería do Mar.

O obxectivo xeral deste proxecto é mellorar a gobernanza, identificar os problemas e necesidades existentes no eido pesqueiro, ambiental e turístico e ver as necesidades e retos do futuro apostando por un modelo de sustentabilidade dos diferentes recursos a través da participación e cooperación dos axentes do sector.



Grupo de Acción Local
do sector Pesqueiro
Golfo Ártabro Sur

PARTICIPACIÓN DA RESERVA DE BIOSFERA EN “MARIDAR” III ENCONTRO: PRODUTORES, GASTRONOMÍA, OCIO E TURISMO-SABOR DAS MARIÑAS

En Setembro celebrouse no Concello de Oleiros o III Encontro de Produtores do Mar e da Terra, “III Maridar: Sabor das Mariñas. Dieta Atlántica, Cultura e Paisaxe” organizado por FAE As Mariñas.

O principal obxectivo do evento foi poñer en valor e promocionar os produtores, produtos e servizos relacionados co mar e a terra da comarca das Mariñas, e onde a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo contou cun stand para a promoción dos produtos da Marca, ademais de estar diferentes produtores adheridos á mesma.



VÍDEOS:

<https://es-es.facebook.com/turismodesada/videos/maridar-ii/321557472284644/>

<https://www.facebook.com/Cadenote/videos/disfrutando-maridar-ii-encuentro-gastron%C3%B3mico-ocio-y-turismo-sabor-das-mari%C3%B1as/2650479288534378/>

PRODUCCIÓN E TURISMO DE CALIDADE.

ACCIÓN	LOGROS 2021
<i>Formento de produtos de calidade</i>	<ul style="list-style-type: none">• Eventos de promoción de producións alimentarias.• Marca de calidade da Reserva de Biosfera MCeTM.
Eco-Turismo	<ul style="list-style-type: none">• Planificación.• Formación.• Mellora de Calidade.• Promoción.• Ecoturismo no Golfo Ártabro• Fitur 2021• Recoñecementos



PARTICIPACIÓN NO SEMINARIO “MARCAS EN RESERVAS”

A Reserva de Biosfera participou, no mes de maio, de modo on-line no seminario “Creación e implantación de distintivos de calidade en Reservas de Biosfera”, organizado pola Corporación Nacional Forestal (CONAF) que é o Punto Focal en Chile do Programa MaB.

Esta xornada dirixida a todos os responsables do conxunto de Reservas de Biosfera chilenas, ten servido para dar a coñecer a marca de calidade da Reserva de Biosfera MCE™, aportando toda a experiencia adquirida no noso territorio.

CREACIÓN E IMPLANTACIÓN DE DISTINTIVOS DE CALIDAD EN RESERVAS DE BIOSFERA

10:00 – 10:15 h. Presentación del seminario
Presentado por: Punto Focal Chile por parte del organismo del organismo.

10:15 – 10:25 h. Saludo Institucional
José Adolfo Sandoval Ballesteros, Presidente Nacional de Biosfera MaB del Cono Sur de Chile.

10:25 – 10:40 h. Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Caracterización
Jorge Ballesteros, Centro de Turismo de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

10:40 – 11:00 h. Creación del distintivo de calidade. Empresas agroalimentarias
Miguel Ángel Pardo, Terceiro Pazo da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

11:00 – 11:20 h. Adhesión de empresas de restauración, hostelería y servicios
Rosal López Páramo, Terceiro Pazo da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

11:20 – 11:30 h. Debate y cierre de preguntas
Moderado por representantes do Punto Focal en Chile do organismo do seminario.

RESERVA DE BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”

PROGRAMA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

TERRITORIO ATLÁNTICO

No mes de novembro do 2021 celebráronse as xornadas gastronómicas “Territorio Atlántico”, nas que participaron 14 restaurantes da cidade de A Coruña, sendo os protagonistas os produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Estas xornadas son froito da colaboración co Concello de A Coruña, a través do Consorcio de Turismo.



Os restaurantes Bido, Pablo Gallego, Taverna 5 Mares, Greca Bar, Óvera, Pracer, Peculiar, Millo Orzán, La Mansión 1783, Vinoteca Jaleo, EME Taberna, Charlatán, A Parva e 55 Pasos realizaron distintos pratos empregando os produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS CELEBROU O DÍA MUNDIAL DO TURISMO

En Setembro conmemorouse o Día Mundial do Turismo, e celebrouse un acto conmemorativo en Fisterra, no que participou o Presidente da Asociación Mariñas-Betanzos, como entidade xestora do Xeodestino “A Coruña e As Mariñas”.



A MARCA DA RESERVA DE BIOSFERA

Na actualidade 33 empresas alimentarias están adheridas á Marca da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, 7 das mesmas están integradas a marca estatal da Reserva de Biosfera Española.

As empresas adheridas durante o ano 2021 á Marca da Reserva de Biosfera, foron:

- En Flor, no concello de Paderne, adicada á produción de produtos hortícolas.
- Leiriñas de Uz, no concello de Sada, adicada á produción hortícola.
- Lúa de Dexo, localizada no concello de Oleiros, adicada á produción hortícola.

Os certificados deberán renovarse pasados os catro anos.




MELLORA NAS RUTAS DE SENDEIRISMO

Durante o ano 2021 levouse a cabo o Estudo das Rutas de Sendeirismo e Experiencias de Ecoturismo”, que tivo por obxecto aportar información que permita organizar, seleccionar e potenciar os recursos infrautilizados e crear experiencias en colaboración co público obxectivo deste proxecto: concellos da área e o sector turístico privado, que se está formando e certificando anualmente na Marca de Calidade da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, no Sistema de Calidade Turística e no Club de Ecoturismo de España.

Realizouse a xeorreferenciación, análise DAFO e estado actual dos roteiros que posteriormente se indican, así como o plan de mellora de cada unha das rutas existentes seleccionadas, co obxectivo de lograr unha mellora futura das mesmas e presentalas ao

sector turístico privado como unha oportunidade para a creación de Experiencias de Ecoturismo na área, que realmente xeren un retorno económico no sector turístico.



Realizouse para as seguintes rutas:

- Ruta da Carballeira e da Fraga da Casa do Gado (Sobrado).
- Ruta Ambalasaugas (SM 07- SM 08- Aranga).
- Costa da Égoa (PRG-101 Carral).
- Ruta Ornitolóxica "O Bosque Animado" (Abegondo).
- Ruta das Fervenzas da Rexidoira SM-17 (Oza- Cesuras).
- Ruta dos Muíños do Mendo (Betanzos, Oza- Cesuras).
- Ruta BTT da Auga (SM.10- Aranga, Betanzos, Coirós, Irixoa, Oza- Cesuras, Paderne).
- Ruta do Bocelo (SM. 11-12) (Coirós/Paderne).
- Ruta do Val de Cambás SM.04 (Aranga).
- Paseo Fluvial dos Caneiros (SM.19- Betanzos, Coirós).
- Ruta de Miodelo (Bergondo).
- Ruta da Moa e o Pan (Caraña-Betanzos).

Web: <https://turismo.marinabetanzos.gal/disfruta/rutas-de-senderismo/>

FORMACIÓN A TÉCNICOS DE TURISMO, GUÍAS E PERSOAL DE ALOXAMENTOS

O público obxectivo desta actuación foi o persoal que está como informador nas Oficinas de Turismo e Centros de Interpretación do Territorio de Mariñas Coruñesas. A través dun proceso formativo traballouse no eido da mellora da calidade dos servizos turísticos do territorio dunha maneira participativa.

Con estes traballos deuse resposta a unha necesidade detectada na anualidade 2020, a necesidade de homoxeneizar as enquisas turísticas do territorio, tanto a nivel público como privado, contando coa participación de diversos aloxamentos turísticos do territorio.



Esta formación de persoal e homoxeneización das enquisas turísticas a través dunha plataforma online permite á Reserva de Biosfera, como entidade xestora do Xeodestino, monitorizar en tempo real diversos índices turísticos; algo fundamental no contexto actual de pandemia, onde existe unha incertidume para o Destino, pero tamén para o empresariado turístico.

Traballando nesta liña e co modelo de enquisa definida e aceptada polo sector público e privado, permitirá non só unha mellora da calidade turística do territorio, senón tamén unha mellora na planificación futura e adaptación da estratexia do Destino á realidade de cada momento.

FORMACIÓN AOS RESTAURANTES DA BIOSFERA

Formación en Novas Técnicas de Cociña con produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

Realizouse unha formación práctica presencial de catro horas dirixida a Restaurantes da Biosfera, co cociñeiro Javier Olleros Rodríguez, con dúas Estrelas Michelin e unha Estrela Verde, que se caracteriza polo uso e aplicación gastronómica de produtos locais e pola implantación de boas prácticas medioambientais. A formación incluíu unha parte presencial o día 15/11/2021 na Rectoral de Cines (Oza- Cesuras), incluíndo degustacións para un público de aproximadamente 35 persoas.



Ademais, realizáronse titorías personalizadas con Javier Olleros e o seu equipo, onde as persoas participantes á formación puideron consultar todas as súas dúbidas.

Formación Repostería km 0. Receitas e presentación.

A formación práctica presencial constou de catro horas dirixida a Restaurantes da Biosfera, na que o formador foi o reposteiro Pablo Morales, creador de Habaziro, que destaca pola utilización de produtos locais, pola innovación e a comida saudable, así como polo respecto a nivel ambiental; foi recoñecido como un dos mellores pasteiros revelación de España na categoría de obradoiro en Madrid Fusión 2019.



A formación incluíu unha parte presencial cunha duración de catro horas o día 27/10/2021, na Reitoral de Cines, para un público de aproximadamente 30 persoas.

Entre os resultados hai que destacar:

- Promoción de Mariñas Coruñesas como Destino Gastronómico, en liña coa Marca Galicia.
- Mellora Calidade turística dos Restaurantes e Aloxamentos certificados do territorio.
- Dinamización do rural e posta en valor dos produtos locais na restauración.
- Visibilización de experiencias de éxito con formadores de alto nivel, como efecto demostrativo para a aplicación de boas prácticas ambientais nos establecementos de restauración.

FORMACIÓN SICTED

Este proxecto ten como obxectivo principal capacitar ás empresas da Reserva de Biosfera, aportando os recursos e técnicas básicas que lles permitan aportar valor engadido para os seus produtos e servizos turísticos mediante unha certificación de calidade.

Para elo emprégase a metodoloxía do Sistema Integral de Calidad Turística en Destino (SICTED), de xeito que



todas as empresas que completen o proceso formativo e avaliación poidan acadar a acreditación deste selo distintivo de calidade turística que outorga a Secretaría de Estado de Turismo.

Foron destinatarios destas actuacións:

- 14 empresas de restauración en Ciclo 3 deste Sistema de Calidade Turística no territorio das Mariñas Coruñesas.
- 7 empresas de restauración en Ciclo 2.
- 9 empresas de aloxamentos en Ciclo 2.
- 11 empresas agroalimentarias (Agroturismo) en Ciclo 2.
- 10 novas empresas/recursos turísticos do territorio para o Ciclo 1 do Sistema.

Dito proceso formativo, tamén serviu para crear sinerxias entre as diferentes empresas do sector turístico local, mellorar a colaboración entre o empresariado e a entidade xestora do Xeodestino, así como para a creación de novas experiencias de Ecoturismo.

MATERIAIS PROMOCIONAIS

En colaboración co empresariado turístico local deseñáronse e puxéronse en marcha novas Experiencias de Ecoturismo no territorio, as cales constitúen un produto 100% certificado en Ecoturismo, avalando os produtos e servizos turísticos nun Destino recoñecido coma o Primeiro Destino de Ecoturismo de Galicia.

Para o desenvolvemento desta iniciativa realizáronse os seguintes materiais promocionais:

- Deseño e produción de polos de manga corta xunto coas etiquetas de cartón en papel de cana de azucre.
- Deseño e produción de suadoiros de manga longa xunto coas etiquetas de cartón en papel de cana de azucre.
- Manual de uso da Marca de Calidade da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.
- Mobles expositores para Oficinas de Turismo e Centros de Interpretación do territorio.



DESPREGABLES DAS EXPERIENCIAS TURÍSTICAS

Realizáronse despregables das catro experiencias de ecoturismo creadas.

Realizouse unha versión web/pdf e a impresión en papel de cana de azucre de 10.000 unidades (en tres idiomas: galego, castelán e inglés) para as catro experiencias (2.500 unidades/experiencia):

- Experiencia náutica en catamarán eléctrico e accesible pola ría de Betanzos.
- Ruta agroalimentaria das Mariñas.
- Ruta da auga e da Biosfera.



- Eco-Ruta de sendeirismo Mandeo-Orballo.

Descargar despregables:

<https://turismo.marinabetanzos.gal/experiencias/>



CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN NA CIDADE DE A CORUÑA

A comunicación que se desenvolveu nesta campaña buscou visibilizar e dar continuidade ao Plan de Ecoturismo da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, así como un apoio ás iniciativas de creación de produto e do empresariado turístico local que participa activamente na creación de produto. Avanzouse no coñecemento e visibilidade da Reserva de Biosfera e dos seus produtos de ecoturismo dirixido ao público da cidade da Coruña.

Leváronse a cabo as seguintes actuacións:

- Campaña Publicitaria con SuperMegaBanners en medios de comunicación dixital (40 días: 8 campañas de 5 días cada unha).
- 10 Espazos en Radio a nivel rexional con entrevistas e reportaxes sobre distintas actuacións e experiencias turísticas desenvolvidas na Reserva de Biosfera.
- Visibilización de Experiencias Turísticas e da Reserva e Biosfera en autobús urbano da cidade da Coruña.



PROMOCIÓN DE “RESTAURANTES E ALOXAMENTOS DA BIOSFERA”

No ano 2021 realizáronse diversos materiais promocionais para o desenvolvemento deste produto turístico, que consistiu en:

- Realización de Despregable en versión dixital e tamén cunha impresión en papel reciclado de 2.500 unidades.
- Deseño en dixital e impresión de 2.000 unidades de Tarxetas Agasallo con Experiencias da Biosfera, que inclúen experiencias gastronómicas e/ou de ecoturismo polo territorio.
- Realización de 250 unidades de delantais de servizo para o produto “Restaurantes da Biosfera”.

PLACAS IDENTIFICATIVAS RESTAURANTES E ALOXAMENTOS DA BIOSFERA

Mediante esta actuación trátase de promocionar e visibilizar os establecementos que están a realizar un esforzo por mellorar a súa calidade turística, a profesionalización dos seus traballadores, pola implantación de produto km 0 e de boas prácticas ambientais nos establecementos, e por conseguir que ese esforzo e mellora continua estea visibilizado cara ao cliente, poboación local e turistas.

Realizáronse 9 placas de “Restaurantes da Biosfera” e 15 de “Aloxamentos da Biosfera”



FAMTRIPS PARA A PROMOCIÓN DOS PRODUTOS TURÍSTICOS

Mediante esta actuación déronse a coñecer tres iniciativas ecoturísticas creadas neste ano 2021 e certificadas pola Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas coa colaboración do sector turístico privado local, aumentando o grao de coñecemento das diferentes Experiencias de Ecoturismo, a través da realización de distintas visitas de familiarización.



Desenvolvéronse as seguintes tres viaxes de familiarización con axentes e touroperadores turísticos, que están a servir para a mellora da súa promoción e comercialización.

- **Ruta Agraolimentaria das Mariñas.**
A primeira viaxe promocional tivo lugar en xullo. Creouse un Fam Trip para a promoción do Roteiro Agroalimentario das Mariñas, para promocionar a zona como destino ecoturístico, onde se puido mostrar todos e cada un dos recursos dispoñibles e o seu potencial. “O Roteiro Agroalimentario Sabores da Biosfera”, transcorre en Paderne e Betanzos.



- **Ruta da Auga e da Biosfera.**
A segunda viaxe promocional tivo lugar no mes de setembro. Desenvolveuse unha Fam Trip para a promoción da “Ruta da Auga e da Biosfera”. Esta ruta propón un recorrido polas beiras da ría de Betanzos no municipio de Paderne. É un roteiro circular de dificultade baixa.



- **Ruta Biosfera 1906.**
Esta viaxe promocional tivo lugar en setembro de 2021. Creouse esta Fam Trip para promocionar A Ruta de Agroturismo (Biosfera 1906).

A través desta experiencia púidose descubrir a historia e a relación da fábrica de Estrela Galicia co territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.



MATERIAL AUDIOVISUAL PARA A MELLORA DA COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN DO XEODESTINO

Realizáronse os seguintes materiais audiovisuais:

- Vídeos resumo da Masterclass de Pablo Morales e de Javier Olleros.
<https://vimeo.com/showcase/9059514>
- Pílulas promocionais do uso do produto de proximidade nos establecementos certificados como «Restaurantes da Biosfera».
<https://vimeo.com/showcase/9065362>
- Pílulas promocionais en establecementos que participaron no Proxecto “piloto” sobre o cálculo e a redución da pegada de Carbono.
<https://vimeo.com/showcase/9059525>
- Microvídeo promocional das novas experiencias certificadas de ecoturismo do territorio con música de librería.
<https://vimeo.com/651337478>
- Vídeo promocional da Reserva de Biosfera para a campaña de Nadal, onde se reflicten e visibilizan moitas das actuacións incluídas no proxecto de Xeodestino 2021.
<https://vimeo.com/showcase/9063824>
- Todos os vídeos poden visualizarse en: <https://vimeo.com/reservadabiosferamcetm>



ECOTURISMO NO GOLFO ÁRTABRO

A Asociación Mariñas-Betanzos está desenvolvendo o proxecto “Ecoturismo no Golfo Ártabro”, que contou coa axuda da Conselleira do Mar, ao abeiro das Estratexias e Desenvolvemento Local Participativo.

Ao longo do ano 2021 desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Diagnose e identificación de recursos e empresas para a elaboración do catálogo de empresas ligadas ao sector do mar e turístico.
- Capacitación e formación das empresas turísticas, e certificación SICTED. Tense levado a cabo un plan de formación ao empresariado turístico do ámbito de actuación do GALP Golfo Ártabro Sur e a súa área de influencia no ámbito do ecoturismo e a certificación a



través do Sistema Integral de Calidade Turística en Destino (SICTED). Esta actividade comprendeu 73 horas formativas, e participaron 12 empresas.

- Diagnose da situación actual dos sendeiros do litoral e elaboración de propostas de mellora. Realizáronse as actuacións de avaliación de sendeiros nas seguintes dez rutas: Ruta de Sisalde-Costa Arteixo (Arteixo), Monumento Natural da Costa de Dexo-Serantes (Oleiros), Monte Xalo (Culleredo), Ruta do Rego das Xesteiras (Culleredo), Ruta arredor de Cambre (Cambre), Ruta da Costa Doce PRG-96 (Sada), Ruta de Trabe e Fonte da Balsa (Culleredo), Ruta Fluvial do Río Mero (Cambre), Ruta perimetral polas Brañas de Sada (Sada), Ruta de Miodelo e Mariñán (Bergondo)

A RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO EN FITUR 2021

As Mariñas Coruñesas presentou en FITUR, Feira Internacional de Turismo, en Madrid, a súa oferta de Ecoturismo no territorio.

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo presentou a campaña “Sinte cos cinco sentidos”, baseada nunha experiencia vivencial, tanto a nivel visual, como olfativo, gustativo, auditivo e sensorial. Imaxes dos 17 concellos, resaltando os grandes elementos do patrimonio natural e cultural da Reserva, pero tamén momentos únicos, como o cheiro do mar, as vistas desde as montañas, os sabores das producións.



A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo recibiu no marco de Fitur 2021 a distinción ao seu proxecto de envases ecolóxicos para a comida para levar dos Restaurantes da Biosfera. O premio é como segundo finalista na categoría de Mellor proxecto de mellora Sicted 2020, iniciativa impulsada polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo para promocionar a calidade turística.

A RESERVA DE BIOSFERA RECIBE O PREMIO AGADER

No mes de Setembro convocouse a Decimosegunda Edición dos Premios Agader ás Iniciativas de Desenvolvemento Rural, polo que se lle ten concedido este premio á Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos pola súa traxectoria na articulación e fomento do turismo no territorio, e pola iniciativa de impulso estratéxico do Ecoturismo vinculado a unha Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas, como primeiro destino certificado en Galicia.



O 24 de setembro douse a coñecer o fallo do xurado e realizouse a entrega das distincións. Foi no Pazo de Treilán, en Sarria. A este acto acudiron o Presidente, o Vicepresidente, o Xestor da Reserva así como o Técnico de Turismo, asistindo tamén os representantes da Mesa Sectorial do Turismo na Asociación Mariñas-Betanzos.

Este premio contou cunha dotación de 10.000 euros para o desenvolvemento de investimentos no territorio ligados ao turismo.



ás iniciativas de Desenvolve mento **Rural**

CIENCIA E DESENVOLVEMENTO DE CAPACIDADES

ACCIÓN

LOGROS 2021



Utilizar a Reserva como lugar de investigación e fonte de aprendizaxe

- Especie do Ano
- Maratón Ornitolóxico
- Concurso escolar “A auga non para!”
- Programa Educando na Biosfera
- Open Science Cambre
- Recoñecementos

ESPECIE DO ANO 2021 NA RESERVA DE BIOSFERA

A especie do ano 2021 na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas tivo como protagonista á Píntega (*Salamandra salamandra*).

Este ano desenvolveuse no concello de Miño unha xornada de conferencias temáticas da man de expertos, que pretendeu achegar á cidadanía o coñecemento e a posta en valor desta singular especie, tan chea de lendas populares como de relevancia científica. Para a participación por parte do público habilitouse un formulario de inscrición online, que os interesados tiveron que cubrir previamente formalizando así a súa solicitude de praza.



As intervencións están dispoñibles na canle de YouTube do G.N.Hábitat: <https://www.youtube.com/c/GnhabitatOrg/videos>.

En canto ás cifras de participación, contouse cun total de 41 persoas.

Parello á xornada de conferencias, e de xeito estable, a iniciativa Especie do Ano integra o desenvolvemento das seguintes accións:

- Espazo web da Especie do Ano na Reserva de Biosfera MCeTM: <https://gnhabitat.org/salamandra-salamandra/>
- Tríptico da Especie do Ano na Reserva de Biosfera MCeTM.



III XORNADAS SOBRE ORNITOLOXÍA NA RESERVA DE BIOSFERA “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”

Iniciativa composta dunha xornada formativa e lúdica destinadas ao público en xeral e co obxectivo principal de amosar os valores ambientais e ornitolóxicos que posúe a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Obxectivos da xornada:

- Introducir aos asistentes no mundo da ornitología.
- Dar a coñecer as aves presentes na RB MCeTM e como diferenciarlas e protexelas, e os mellores lugares e épocas para observalas.

Datos da actividade:

- Data: 11 de setembro en horario de 10h a 14h.



- Lugar de celebración: Aula da natureza Juan Lembeye - Xardín Botánico Ría do Burgo (Culleredo).
- Asistencia: 43 participantes.

Maratón ornitolóxica

Actividade formativa e lúdica que consistiu en identificar por equipos o maior número posible de especies de aves silvestres dentro dos concellos que conforman a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

A meteoroloxía acompañou cunha xornada de sol e bo tempo aos case 40 observadores que se animaron a descubrir a riqueza ornitolóxica da nosa contorna, nun total de 9 equipos participantes.



Os resultados globais foron impresionantes, batendo o récord de especies vistas nesta maratón chegando as 117 especies de aves detectadas en total. Cifras que fixeron que tanto monitores como asistentes, gozaran dunha xornada estupenda chea de bos momentos e moitas aves para a lembranza.

Resultados da actividade:

- Data: 12 de setembro con horario de 00h a 17:00h.
- Participación: 39 participantes en 9 equipos.
- Nº Especies observadas: 117 especies (listaxe completo [na ligazón](#)).

CONCURSO “A AUGA NON PARA” ONLINE

O Concurso Escolar “*A Auga non para*”, nace co fin de poñer en valor a importancia da auga como un recurso natural e limitado, e fomentar a concienciación sobre o seu uso responsable entre a comunidade educativa da Coruña e a súa área de influencia.

Este ano 2021 debido ao COVID-19 adaptamos o concurso á modalidade online.



“A Auga non para” resulta da colaboración entre EMALCSA (Empresa Municipal de Augas da Coruña S.A.) e a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, mediante o cal se busca sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia do uso racional e a xestión sostible da auga, dunha maneira didáctica e lúdica.



Para acadar estes obxectivos pranteouse un Concurso escolar “A Auga non Para”, empregando como canle un xogo que simula a percorrido da auga na área metropolitana da Coruña asociado ao Encoro de Abegondo–Cecebre.

Esta campaña está dirixida ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria dos centros educativos da cidade de A Coruña, e dos concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada.

Aínda que esta campaña se leva desenvolvéndose nos centros educativos desde o curso 2017–2018, a súa orixe remóntase ás accións de sensibilización para o uso sostible da auga contempladas dentro do Proxecto Life Aqua Plann (2009–2013).

Dende o seu inicio esta campaña desenvolveuse en 31 centros educativos e levan participado **2.195 alumnos/as** (<http://marinasbetanzos.gal/es/campana-a-auga-non-para/>).

Na anualidade 2021 creouse un taboleiro *online* que permite desenvolver a actividade fora do ámbito escolar. Ademais de servir de modelo que xa se está replicando noutras cuncas hidrográficas (www.oxogodagota.es).

No curso escolar 2020 – 2021 no que debido á Covid esta campaña se tivo que desenvolver de xeito telemático, participaron 5 centros educativos, un total de 20 aulas e 425 alumnos/as.

RECOÑECIMENTO DA FUNDACIÓN BOTÍN

O proxecto 'A auga non para', no que colabora a Reserva de Biosfera xunto a Emalcsa, foi galardoado nos Premios á Xestión Sostible da Auga da Fundación Botín

O Director de I+D+i da empresa de augas e o xestor da Reserva foron os responsables de recoller o premio e de presentar o proxecto.


A iniciativa foi seleccionada ex aqueo na modalidade de Proxecto educativo sobre o auga entre 26 candidaturas de Albania, Arxentina, Bolivia, España, México, Perú e Suíza.

Os obxectivos destes galardóns son promover a innovación e a difusión de ideas, proxectos e tecnoloxías desenvolvidas por xente nova profesional con resultados probados na xestión sostible dos recursos hídricos.

O proxecto naceu en 2016 co fin de mellorar o coñecemento do alumnado da Coruña e a comarca sobre o ciclo de auga, o seu comportamento na natureza e a súa conexión coa biodiversidade e os espazos protexidos. O curso pasado, a iniciativa chegou a 425 estudantes de 5º e 6º de Primaria de cinco centros.



PREMIOS A LA GESTIÓN SOSTENIBLE DEL AGUA VII EDICIÓN



La Fundación Botín, a través de su Observatorio del Agua, otorga a


Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, EMALCSA (en colaboración con Asociación Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos). EX AEQUO

el Premio a la Gestión Sostenible del Agua 2021, en la

MODALIDAD C. PROYECTO EDUCATIVO SOBRE EL AGUA QUE CREE CONCIENCIA ENTRE NIÑOS/AS Y ADOLESCENTES SOBRE LA CONSERVACIÓN DEL AGUA Y SU GESTIÓN SOSTENIBLE

por su proyecto **A AUGA NON PARA**

OBSERVATORIO DEL AGUA / WATER OBSERVATORY



FUNDACIÓN BOTÍN

JAVIER GARCÍA CAÑETE
DIRECTOR DEL OBSERVATORIO DE TENDENCIAS



DICIEMBRE DE 2021

PROGRAMA "EDUCANDO NA BIOSFERA"

Educando na Biosfera é un programa de actividades que se desenvolve por parte Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, dende o curso escolar 2016–2017 entre a comunidade educativa do territorio en colaboración cos Concellos.

Este programa está dirixido aos centros educativos públicos de Educación Infantil e Primaria e Institutos de Educación Secundaria, dos concellos que forman parte do territorio da Reserva de Biosfera.

Ten como base os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU, e permite interconectar a educación con outra serie de valores que se poñen de manifesto nos ODS.

É un Programa dinámico e transversal, incorporando e ofertando cada ano novas temáticas relacionadas non só co medioambiente e a natureza, senón tamén coas ciencias sociais, a igualdade, o fomento dun estilo de vida saudable, artes gráficas, cultura, historia e tradicións, posta en valor do territorio, etc.

Trátase dun Programa práctico e claramente participativo que trata de ser un complemento da formación que recibe o alumnado nos centros educativos, acercándolles aos profesionais e expertos que traballan a diario nos campos das temáticas que se ofertan.

Para o curso escolar 2020–2021 a proposta de actividades enmarcadas dentro do Programa, foron de 28 actividades diferentes englobadas en 6 grandes bloques:

- Alimentación saudable e produto de proximidade
- Arte e patrimonio cultural
- Fomento da biodiversidade
- Igualdade e ciencias sociais
- Natureza e territorio
- Cambio climático e Sustentabilidade dos recursos

Durante o curso 2020–2021 o Programa desenvolveuse nos centros educativos dos concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Carral e Sada e participaron un total de **2.242 alumnos/as** de Educación Infantil, Educación Primaria, Secundaria e Bacharelato.

Dende os seus inicios o Programa Educando na Biosfera leva chegado a 7.000 rapazas e rapaces do territorio da Reserva de Biosfera e serve como nexo de unión e fortalece outros proxectos desenvolvidos pola Reserva de Biosfera.



Programa Educando na Biosfera - Abegondo

Nesta edición do Programa Educando na Biosfera desenvóléronse no CEIP San Marcos un total de 17 horas lectivas, distribuídas en 8 talleres/obradoiros; 4 charlas.

Un total de 226 alumn@s de Educación Primaria, participaron no Programa.

Actividades realizadas:

- Hortos escolares
- Obradoiro de elaboración de xabón artesanal
- Os animais domésticos: importancia e papel na sociedade
- Obradoiro sobre incendios forestais
- Iniciativa especie do ano na Reserva de Biosfera
- Taller de elaboración de refuxios de fauna útil



CONCELLO DE
ABEGONDO

Programa Educando na Biosfera - Bergondo

Nesta edición do Programa Educando na Biosfera desenvóléronse no CPI Cruz do Sar, un total de 43 horas lectivas, distribuídas en 12 talleres/obradoiros, 2 charlas e 6 saídas polo territorio.

Un total de **351 alumn@s** de Educación Primaria, participaron nestas actividades:

- Hortos escolares
- Talleres de debuxo da natureza
- Agricultura ecolóxica e alimentación saudable
- Recetario da Biosfera
- Visita e taller no Centro Internacional de Estampa Contemporánea
- Descubre o teu concello
- Ruta do Impresionismo
- Estampación téxtil



CONCELLO DE
BERGONDO

Programa Educando na Biosfera - Betanzos

Nesta edición 2021 do Programa Educando na Biosfera desenvóléronse no CEIP Francisco Vales Villamarín un total de 29 horas lectivas, distribuídas en 6 talleres/obradoiros; 5 charlas; 1 saída.

Un total de **361 alumn@s** de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria participaron este ano no Programa.

Actividades realizadas:

- A problemática da contaminación por plásticos
- Talleres de debuxo da natureza
- Visita ao Pazo de Mariñán



Concello de Betanzos



Programa Educando na Biosfera - Carral

Nesta Campaña Divulgativa da Protección do ambiente a través da Educación desenvóléronse, no centro educativo de Carral un total de 18 horas lectivas, distribuídas en 10 talleres/obradoiros e 2 charlas.

Un total de **250 alumn@s** de Educación Primaria do CEIP Vicente Otero Valcárcel participaron nestas actividades.

Actividades realizadas:

- Talleres de debuxo da natureza
- A problemática da contaminación por plásticos
- Hortos escolares
- Taller de elaboración de refuxios de fauna útil
- Especies invasoras, problemática e control; Proxecto Life Fluvial
- Taller de elaboración de xabón artesanal
- Obradoiro Recetario da Biosfera
- Obradoiro de papel reciclado



Programa Educando na Biosfera - Sada

Nesta nova edición do Programa Educando na Biosfera - Sada participaron os 5 centros educativos de Educación Infantil, Primaria, Secundaria e Bacharelato do concello de Sada:

- CEIP O Mosteirón
- CEIP Pedro Barrié de la Maza
- CEIP Sada y sus Contornos
- IES Isaac Díaz Pardo
- IES O Mosteirón

Desenvolvéronse nos centros educativos de Sada un total de 79 horas lectivas, distribuídas en 30 talleres/obradoiros, 15 charlas e 4 saídas polo territorio.

Un total de **1.087** **alumn@s** dos 5 centros educativos do Concello de Sada, participaron este ano 2021 no Programa.

Actividades realizadas:

- Hortos escolares.
- Elaboración de refuxios de fauna útil.
- Descubre o teu concello.
- Os animais domésticos: importancia e papel na sociedade.
- Taller de elaboración de papel reciclado.
- Taller de debuxo da natureza.
- Agricultura ecolóxica, alimentación saudable e Marca de Calidade da Reserva de Biosfera.
- Visita e taller no Centro Internacional de Estampa Contemporánea.
- Roteiro a Moa e o Pan.
- A problemática da contaminación por plásticos.
- Visita ao Mosteiro de Sobrado dos Monxes e á Lagoa.
- Cambio climático.
- Ciclo da auga na Coruña e a súa área metropolitana: Xogo A AUGA NON PARA.
- Recetario da Biosfera.



IV OPEN SCIENCE – FEIRA DE CIENCIA

En setembro do 2021 tivo lugar a feira OPEN SCIENCE en Cambre, contando co apoio da Asociación Mariñas-Betanzos.

Unha das formas máis divertidas de adentrarse no mundo da ciencia e a través do xogo, a demostración e os experimentos curtos. O Clube de Ciencia “XenTD100cia” en colaboración co Concello de Cambre ten organizado esta feira da ciencia.



Asistiron arredor de **2.500 persoas**, fundamentalmente escolares.

O 21 de decembro, o estudiantado do CEIP Portofaro de Cambre, desfrutou dunha experiencia náutica pola Ría de Betanzos nun catamarán 100% eléctrico e accesible, cortesía de A-02 Velas. Este foi o premio que obtiveron polo seu proxecto 'Sementando Valores', presentado na Feira da Ciencia OpenScience. A iniciativa centrábase no horto escolar no que o alumnado estudou temas como a xerminación e crecemento das plantas ; a función dos insectos ou a reutilización de materiais na horta.



O grupo de estudantes partiu do Porto de Miño, rumbo á Ponte do Pedrido, bordeando Ponte do Porco, visitando as granxas mariñas da Punta Xurelos, as salinas de Bergondo e as de Chantada na ribeira de Paderne, o Pazo de Mariñan, os observatorios ornitolóxicos de Bergondo e Paderne, e as xunqueiras ata Betanzos.

Alí puideron observar diferentes aves mariñas (chorlitos, garzas, ánades, corvos mariños e como non as típicas gaivotas do Mandeo) que habitan nas marismas da ZEC Betanzos - Mandeo, espazo que se atopa dentro da Rede Natura 2000.

Ademais, ao longo da excursión, o alumnado degustou distintos produtos da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo como infusións, queixos ou tortilla.



COOPERACIÓN E ASOCIACIONES.

ACCIÓN	LOGROS 2021
<i>Impulsar acciones e compromisos de cooperación</i>	<ul style="list-style-type: none">• CEIDA• O rural contra a violencia de xénero• Rede de Dinamización Lingüística• Visita Reservas Hondureñas• Asociación de GDRs• Foro de Innovación• UICN.• VIII Certame de Debuxo• Rede Española de Reservas de Biosfera e Galega• Rede Illas e Zonas Costeiras.• Ibero MAB

COLABORACIÓN CO CEIDA

Destacar a colaboración mantida co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) no desenvolvemento das seguintes xornadas, organizadas polo CEIDA:

Interpretación temática en Espazos Naturais Protexidos. Febreiro 2021

Deseño de actividades educativas para a sostibilidade. Abril 2021

Infraestrutura Verde urbana: claves para a planificación, xestión e avaliación. Maio 2021

Curso básico online Interpretación do patrimonio. Maio 2021

Reservas de Biosfera e os 50 anos do Programa MaB. Xuño 2021

Obradoiro presencial Planificación Interpretativa. Outubro 2021

A promoción dos produtos alimentos de excelencia na RB Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Outubro 2021

Somos Biosfera. Coñece a Rede de Reservas de Biosfera de Galicia. Maio 2021

Exposición itinerante da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Curso avanzado de interpretación do patrimonio deseño de visitas guiadas interpretativas. Novembro 2021



O RURAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

No ano 2021, os 24 Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) uníronse para realizar actos que visibilicen unha mensaxe “O rural contra a violencia de xénero”.

Desta forma, o sábado 13 de novembro celebráronse andainas por toda Galicia. No caso do GDR Mariñas-Betanzos realizouse unha andaina desde a Igrexa de San Martiño de Tiobre e a Praza da Constitución no concello de Betanzos. Ana Saavedra, presidenta da Asociación Mirabal, foi a encargada de ler o manifesto contra a violencia de xénero que pechou a andaina no GDR Mariñas-Betanzos. Así mesmo, organizouse unha representación teatral tamén en Betanzos, cunha obra sobre a cuestión de xénero.



REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A Asociación Mariñas-Betanzos incorporouse en novembro do 2021 á Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia.

A Rede de Dinamización Lingüística é un punto de encontro para o traballo conxunto entre as administracións autonómica e local a prol do fomento do uso do galego.

Desde a súa creación todas as institucións, entidades e asociacións implicadas na normalización lingüística do galego, establecen unha dinámica de traballo común para promover a dinamización lingüística. O intercambio de información sobre as diferentes propostas deu como froito a xeración dun fondo de contidos para a promoción do uso da lingua galega, que se fornece do esforzo común.



ASOCIACIÓN DE GDRs DE GALICIA

A Asociación de GDRs de Galicia e AGADER asinaron un convenio co obxectivo de incorporar aos GDRs de Galicia como axentes dinamizadores na posta en marcha e desenvolvemento da Lei de Recuperación da Terra Agraria.



I FORO DE INNOVACIÓN

A Asociación Mariñas-Betanzos participou no I Foro de Innovación Produtiva do Sector Agrario, celebrada en novembro do 2021.

Esta actividade organizada pola Agacal serviu para presentar os resultados do proxecto "Redución da adición de antibióticos na dieta de animais de porcino en ciclo industrial" FEADER 2018/001B.

Máis información:



<https://www.marinasbetanzos.gal/proyectos/reduccion-uso-antibioticos-en-porcino>

UICN

Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos adheriuse en setembro deste ano 2021 como membro de pleno dereito da UICN (Unión Internacional para a Conservación da Natureza). A UICN é a organización medioambiental máis grande do mundo, con máis de 1200 membros gubernamentais e non gubernamentais, ademais de contar con máis de 10.000 expertos voluntarios en preto de 160 países.



VIII CERTAME DEBUXO

A vida silvestre do Encoro de Cecebre quedou retratada polos pinceis dos participantes da VIII edición do certame Debuxo da Natureza, organizado por EMALCSA e o [Grupo Naturalista Hábitat](#) coa colaboración da Reserva de Biosfera.

<https://gnhabitat.org/inagurada-a-exposicion-virtual-coas-ilustracions-do-ix-certame-de-debuxo-da-natureza/>



COLABORANDO COA OFICINA ACELERA PEME

A Asociación Mariñas-Betanzos asinou un convenio de colaboración co Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG), como entidade colaboradora da Oficina Acelera PEME, e co obxectivo de dar difusión e achegar os servizos desta Oficina ás empresas da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, tratando de avanzar na dixitalización das pequenas e medianas empresas.



COOPERACIÓN CO VALLE DO TIÉTAR

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo o 18 de setembro apadriñou o proxecto do Valle do Tiétar para a constitución dunha nova Reserva de Biosfera.

O Presidente e o Xerente participaron nunha xornada co obxectivo de animar o proceso posto en marcha, así como trasladar a experiencia das diferentes iniciativas postas en marcha na RB MCeTM no ámbito do seu Plan de Xestión.



REDE ESPAÑOLA DE RESERVAS DE BIOSFERA

Hai que destacar que no ano 2021 o Comité Español do Programa MaB acordou solicitar ao Consello Científico un informe sobre as propostas de Parques Eólicos, que están xurdindo no ámbito da Lei 24/2013 do sector eléctrico.

Durante o ano 2021 celebráronse 2 reunións do Consello de Xestores (27 Abril; 14-15 Setembro), nas que se poden destacar o seguintes temas tratados:

- Proposta á Secretaría de Estado de Turismo para a consideración da Rede Española de Reservas de Biosfera como prioridade estratéxica en materia de política nacional turística, á hora de presentar os Plans de Sostibilidade Turística en Destino.
- Proposta do Plan de Formación para a anualidade 2022.
- Proposta do Plan de Igualdade de Xénero.



REDE GALEGA DE RESERVAS DE BIOSFERA

A Rede Galega de Reservas de Biosfera está conformada por sete Reservas de Biosfera, e o CEIDA con motivo do 50 Aniversario do Programa MaB celebrou una serie de xornadas adicadas a coñecer ás Reservas de Biosfera de Galicia, e as súas liñas de traballo.

Por outra banda a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda desenvolveu unha exposición itinerante sobre as Reservas de Biosfera de Galicia, e así dar a coñecer os seus valores e os do Programa MaB.



REDE ILLAS E ZONAS COSTEIRAS

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo pertence á Rede Mundial de Reservas de Biosfera Illas e Zonas Costeiras, e participa no grupo de traballo Zero Plastic.

Pódense seguir todas as novidades no seguinte enlace:
<http://www.islandbiosphere.org/portal.aspx>



REDE IberoMAB

No mes de novembro contamos coa visita de persoas mozas representantes das Reservas de Biosfera de Honduras, co obxectivo de coñecer o funcionamento de varias Reservas españolas, e en concreto a Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas.

As persoas representadas das Reservas hondureñas coñeceron algunhas experiencias como son a Marca de Calidade e os establecementos adheridos, a

estratexia de Ecoturismo, o CEIDA, a Ruta Agroturística de Paderne e o funcionamento dos GALP como dinamizadores do litoral, visitando o GALP Golfo Ártabro Sur.



Queremos destacar a colaboración activa con outras organizacións, co obxectivo de promover a mellora do patrimonio natural e cultural:

Somos membros de:

- Rede Española de Reservas de Biosfera.
- Rede Mundial de Illas e Zonas Costeiras.
- Rede IberoMaB.
- Unión Internacional para a Conservación da Natureza (UICN).
- Asociación de Grupos de Desenvolvemento Rural de Galicia.
- Rede Galega de Reservas de Biosfera.
- Asociación Española de Ecoturismo
- Asociación Ruta Impresionismo



iberomab
Red de Reservas de Biosfera

Cooperación co Grupo Naturalista Hábitat:

- Especie do Ano.
- Maratón ornitolóxica



CONSERVACIÓN DOS RECURSOS PATRIMONIAIS.

ACCIÓN	LOGROS 2021
<i>Conservación e dinamización do patrimonio cultural</i>	<ul style="list-style-type: none">• Proxecto Ruritage• Son de Monte• Patrimonio inmaterial nas Reservas de Biosfera



PROXECTO UNESCO RURITAGE

A Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo participa no proxecto RURITAGE, como un dos 10 territorios piloto en Europa para replicar as aprendizaxes e aprender das boas prácticas desenvolvidas no proxecto Horizonte 2020 "Ruritage" (Posta en valor do patrimonio para rexurdir do rural).

RURITAGE
Heritage for Rural Regeneration



Desde a Reserva de Biosfera participouse, durante o ano 2021, en diferentes encontros telemáticos co obxectivo de intercambiar experiencias, presentar o traballo levado a cabo desde este territorio, así como avanzar no deseño dunha folla de ruta para traballar na formulación dunha estratexia encamiñada á posta en valor do patrimonio cultural da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Web: <https://www.ruritage.eu/>

PATRIMONIO INMATERIAL DAS RESERVAS DE BIOSFERA

A Fundación Fernando González Bernáldez e EUROPARC-España desenvolveron o proxecto "Catálogo aberto do patrimonio inmaterial das Reservas da Biosfera españolas", por encargo do Organismo Autónomo de Parques Nacionais.

O obxectivo xeral do proxecto é promover o patrimonio inmaterial das Reservas da Biosfera de España como parte esencial para a conservación do patrimonio natural. Os obxectivos específicos desta proposta son:



- Apoiar a elaboración dun catálogo do patrimonio inmaterial ligado ao patrimonio natural das Reservas da Biosfera.
- Difundir os casos recompilados para o catálogo a través dos mecanismos de difusión da Rede de Reservas da Biosfera españolas.
- Seleccionar e difundir casos a través do portal web de patrimonio cultural xa existente de EUROPARC-España.

Enlace web:

http://rerb.oapn.es/images/CATALOGO_ABIERTO_DEL_PATRIMONIO_CULTURAL_INMATERIAL_DE_LA_RED_DE_RESERVAS_DE_LA_BIOSFERA_ESPA%C3%91OLAS.pdf

SON DE MONTE

A Asociación Mariñas-Betanzos participa no proxecto de cooperación “Son de Monte” (2021-2022).

Este proxecto de cooperación é coordinado pola ADR Limia Arnoia e participan a ADR Mariñas-Betanzos, a ADR Suroeste Eurural, Asociación Seitura 22, Asociación Montes e Vales Orientais, ADR Condado Paradanta.



O obxectivo deste proxecto é crear unha “rede” de traballo entre os diferentes axentes do territorio para contribuír de xeito activo á valorización do monte. Esta Rede vai a permitir ter un espazo de debate e de deseño das liñas xerais polas que debe ir a valorización do monte, como debe ser a relación dos propietarios/veciños co monte e crear o primeiro material divulgativo para os/as pequenos/as propietarios/as forestais.

No ámbito deste proxecto se está levando a cabo a acción piloto “Os bens culturais e arqueolóxicos dos Montes Comunais como medio de promoción dunha estratexia integradora de desenvolvemento comunitario”, que busca desde a experiencia na Comunidade de Montes Veciñais do Xalo, sacar conclusións para o resto do territorio galego.

As actuacións xiran en torno á posta en valor do patrimonio cultural do Monte Xalo, establecendo unha perspectiva multidisciplinar que comprenda os bens culturais e patrimoniais como unha parte máis dos valores e servizos que poden proporcionar os montes veciñais en man común. Considérase esta actuación como un exemplo de posta en valor do territorio e da paisaxe cultural, que permitirá dotar de valor histórico e científico un espazo cuxo valor ambiental, paisaxística e turístico xa é ben coñecido.

Web: <https://sondemonte.gal/>



Anexo I: Entidades asociadas, agrupadas sectorialmente

MESA SECTORIAL ADMINISTRACIÓNES LOCAIS E SECTOR PÚBLICO

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
12	CONCELLO DE ABEGONDO	ABEGONDO	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
18	CONCELLO DE ARANGA	ARANGA	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
21	CONCELLO DE ARTEIXO	ARTEIXO	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
26	CONCELLO DE BERGONDO	BERGONDO	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
32	CONCELLO DE BETANZOS	BETANZOS	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
41	CONCELLO DE CAMBRE	CAMBRE	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
48	CONCELLO DE CARRAL	CARRAL	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
54	CONCELLO DE COIRÓS	COIROS	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
56	CONCELLO DE CULLEREDO	CULLEREDO	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
66	CONCELLO DE IRIXOA	IRIXOA	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
69	CONCELLO DE MIÑO	MIÑO	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
73	CONCELLO DE OLEIROS	OLEIROS	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
75	CONCELLO DE OZA - CESURAS	OZA DOS RÍOS	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
77	CONCELLO DE PADERNE	PADERNE	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
84	CONCELLO DE SADA	SADA	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
125	CONCELLO DE CURTIS	CURTIS	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS
126	CONCELLO DE SOBRADO	SOBRADO	ADMINISTRACIÓNES LOCAIS

SECTOR INSTITUCIONAL

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
4	COLEGIO OFICIAL DE INGENIEROS TÉCNICOS INDUSTRIALES DE A CORUÑA (COETICOR)	A CORUÑA	SECTOR INSTITUCIONAL
6	FUNDACIÓN PARA O AVANCE CIENTÍFICO DA VETERINARIA EN GALICIA	A CORUÑA	SECTOR INSTITUCIONAL
74	CENTRO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACION AMBIENTAL GALICIA (CEIDA)	OLEIROS	SECTOR INSTITUCIONAL
110	COLEGIO DE GEOGRAFOS - DELEGACIÓN GALLEGA	SANTIAGO	SECTOR INSTITUCIONAL

SECTOR AGRARIO, GANDEIRO, COOPERATIVO, E SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA

22	COOPERATIVA AGRARIA PROVINCIAL DE A CORUÑA, S. COOP. GALEGA	ARTEIXO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
27	LUPULO TECNOLOGÍA DE GALICIA, S. COOP. GALEGA (LUTEGA)	BERGONDO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
33	ASOCIACIÓN DE COSECHEROS DEL VINO DE BETANZOS	BETANZOS	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
34	ASOCIACION SECTORIAL DE VITICULTORES E ADEGUEIROS DE BETANZOS E COMARCA	BETANZOS	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
35	SINDICATO LABREGO GALEGO	BETANZOS	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
62	C.M.V.M.C DE CASTELO	CULLEREDO	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
68	C.M.V.M.C. EL RAÑO	IRIXOA	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
91	ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE LA INDUSTRIA 1ª TRANSFORMACIÓN DE LA MADERA DE LA CORUÑA	SANTIAGO	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
101	ASOCIACION PANADEIROS DE CARRAL	CARRAL	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
114	COMUNIDADE VECIÑAL MONTE DE SAN ANTÓN	IRIXOA	SECTOR FORESTAL E DA MADEIRA
115	"RIO LAMBRE" SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	IRIXOA	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
119	ASOCIACIÓN AGROALIMENTARIA DO EUME	AS PONTES	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
132	ASOCIACIÓN AFRUGAL	BERGONDO	SECTOR AGRARIO, GANDEIRO E COOPERATIVO
137	C.M.V.M.C "XALO"	CULLEREDO	MESA SECTORIAL AGRARIA, GANDEIRO, FORESTAL E DA MADEIRA

MESA SECTORIAL ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
20	VAL DE ARANGA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA	ARANGA	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
36	CLUB HAN'S HORANG-I	BETANZOS	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
49	ASOCIACION CULTURAL CULTURA ABERTA DE CARRAL	CARRAL	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
52	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE CUTIÁN	CESURAS	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
57	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN MARTÍN DE SÉSAMO"	CULLEREDO	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
58	ASOCIACION RECREATIVA E CULTURAL "O CRUCEIRO DE CELAS"	CULLEREDO	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
59	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SAN COSME	CULLEREDO	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
67	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN TIRSO DE AMBROA	IRIXOA	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
70	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "A IRMANDADE DE BEMANTES"	MIÑO	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
80	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE SAN PANTALEON DAS VIÑAS	PADERNE	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
81	ASOCIACION DE VECIÑOS "SAN ESTEBO DE QUINTAS"	PADERNE	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
83	ASOCIACIÓN CULTURAL LIBRE DE PADERNE ROXIN ROXAL	PADERNE	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
96	CENTRO CULTURAL DEPORTIVO DE XESTOSO-CAMBÁS	ARANGA	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
97	CONSELLO DE ANCIÁNS DE XESTOSO-CAMBÁS	MONFERO	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
103	ASOCIACION DE VECIÑOS "ANDURIÑA DE CALLOBRE"	MIÑO	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
105	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS SAN ANTÓN DE DEXO	OLEIROS	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
107	ASOCIACION DE VECIÑOS ALBEIRO DE VELOUZAS	PADERNE	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
111	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN PEDRO DE CAMBÁS"	ARANGA	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS
112	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "SAN ESTEBAN DE MORÁS"	ARTEIXO	ASOCIACIONES DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAIS, ANPAS

117	ASOCIACION RIO LAMBRE DE VECIÑOS PONTE DO PORCO - MIÑO	MIÑO	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAI, ANPAS
121	ASOCIACIÓN CULTURAL A FULIADA	BETANZOS	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAI, ANPAS
130	ASOCIACIÓN VEDOREIRA	PADERNE	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAI, ANPAS
133	ASOCIACIÓN CAMIÑO DOS BROZOS	CURTIS	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAI, ANPAS
143	ASOCIACIÓN CR SPORT HORSE	ABEGONDO	ASOCIACIONS DEPORTIVAS, RECREATIVAS, DE VECIÑOS, CULTURAI, ANPAS

MESA SECTORIAL DE ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
2	ASOCIACION MARINEDA DE JÓVENES EMPRESARIOS	A CORUÑA	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
3	FEDERACIÓN PROVINCIAL DE ASOCIACIONES COMARCALES DE EMPRESARIAS, PROFESIONALES Y EMPRENDEDORAS DE A CORUÑA (FEDACEPE)	A CORUÑA	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
23	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL POLÍGONO DE SABÓN - ARTEIXO	ARTEIXO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
29	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE BERGONDO	BERGONDO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
42	ASOCIACION DE EMPRESARIOS/AS DE CAMBRE	CAMBRE	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
60	ASOCIACION EMPRESARIOS DE CULLEREDO	CULLEREDO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
99	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES E EMPRESARIOS DE BETANZOS (ACEBE)	BETANZOS	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
104	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE MIÑO	MIÑO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS
118	FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES EMPRESARIALES DE AS MARIÑAS	CULLEREDO	ASOCIACIONES DE EMPRESARIOS MULTISECTORIAIS

MESA SECTORIAL COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
7	ASOCIACIÓN PRO ENFERMOS MENTALES (APEM)	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
8	ASOCIACIÓN ASPRONAGA	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
9	ASOCIACIÓN DE PADRES PARA LA FORMACIÓN DE JÓVENES LÍMITE	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
10	FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE MINUSVÁLIDOS DA PROVINCIA DE A CORUÑA (COGAMI-CORUÑA)	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
11	ASOCIACION ECOS DO SUR (ONG)	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
43	FUNDACIÓN INDALI	CAMBRE	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
44	LIMCO, S. COOP. GALLEGA INTERES SOCIAL	CAMBRE	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
63	ASOCIACIÓN MESTURA PARA LA INTEGRACIÓN SOCIAL DE LOS INMIGRANTES Y EMIGRANTES	CULLEREDO	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
85	ASOCIACIÓN DE PARAPLÉJICOS Y GRANDES MINUSVÁLIDOS DE GALICIA (ASPAYM GALICIA)	BERGONDO	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
86	ASOCIACION DE PADRES DE PERSONAS CON PARALISIS CEREBRAL (ASPACE)	SADA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
108	ASOCIACIÓN DE PROMOCIÓN, ATENCIÓN AS PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN POR RAZÓNS FÍSICAS, SOCIAIS, ECONÓMICAS OU CULTURAI. "INCLUSION"	SADA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
120	ASOCIACION DE PAIS DE PERSOAS CON TEA DA PROVINCIA DA CORUÑA (ASPANAES)	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
134	ASOCIACIÓN BENÉFICA RENACER	A CORUÑA	COLECTIVOS DE INTERESE SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG'S
138	CENTRO PAI MENNI	BETANZOS	COLECTIVOS DE ACCIÓN SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG
139	RELIGIOSOS TERCARIOS CAPUCHINOS "AGARIMO"	ARTEIXO	COLECTIVOS DE ACCIÓN SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG
142	ASOCIACIÓN AGARIMO	ARTEIXO	COLECTIVOS DE ACCIÓN SOCIAL, DISCAPACIDADE E ONG

MESA SECTORIAL ASOCIACIÓN E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS E MOCIDADE

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
14	ASOCIACIÓN DE CAZADORES DE ABEGONDO	ABEGONDO	ASOCIACIONES E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
64	CLUB AGRUPACIÓN DEPORTIVA E TEMPO LIBRE "A PEDROSA"	CULLEREDO	ASOCIACIONES E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
82	ASOCIACION O RABO DO GALO	PADERNE	ASOCIACIONES E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
94	SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL	SANTIAGO	ASOCIACIONES E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
109	ASOCIACION PROTECTORA DE ANIMAIS GATOCAN	SADA	ASOCIACIONES E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
122	ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALICIA (ADEGA)	A CORUÑA	ASOCIACIONES E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
128	GRUPO NATURALISTA HABITAT	A CORUÑA	ASOCIACIONES E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
129	ASOCIACIÓN AMIGOS DE LOS RÍOS DE BETANZOS - ARBE	BETANZOS	ASOCIACIONES E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
140	ASOCIACIÓN BRIBESLY HILLS	CAMBRE	ASOCIACIONES E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS OU ACTIVIDADES NA NATUREZA
141	ASOCIACIÓN DE CUSTODIA DO TERRITORIO "BREXA"	CARRAL	ASOCIACIÓN E COLECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS E MOZOS

MESA SECTORIAL DE ASOCIACIÓN E COLECTIVOS DE MULLERES

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
15	ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA, CONSUMIDORES Y USUARIOS DE ABEGONDO	ABEGONDO	ASOCIACIONES E COLECTIVOS DE MULLERES
30	ASOCIACION ELAS	BERGONDO	ASOCIACIONES E COLECTIVOS DE MULLERES
40	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS LIAFAIL	BETANZOS	ASOCIACIONES E COLECTIVOS DE MULLERES
47	ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAIS ANTONIA DANS	CAMBRE	ASOCIACIONES E COLECTIVOS DE MULLERES
88	MEIGAS, ASOCIACION SOCIOCULTURAL DE MULLERES	SADA	ASOCIACIONES E COLECTIVOS DE MULLERES
98	ASOCIACIÓN DE MULLERES DO CAMPO DE CAMBÁS	ARANGA	ASOCIACIONES E COLECTIVOS DE MULLERES
116	ASOCIACIÓN DE REDEIRAS DE LORBÉ	OLEIROS	ASOCIACIONES E COLECTIVOS DE MULLERES
127	AMFAR CAMBRE	CAMBRE	ASOCIACIONES E COLECTIVOS DE MULLERES

MESA SECTORIAL PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA E DESENVOLVEMENTO LITORAL

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
89	COFRADIA DE PESCADORES DE SADA	SADA	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA
106	COFRADÍA DE PESCADORES DE MERA	OLEIROS	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA
124	CONFRARÍA DE PESCADORES DE MIÑO	MIÑO	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA
131	GALP SECTOR PESQUEIRO "GOLFO ÁRTABRO SUR"	SADA	PESCA, MARISQUEO, ACUICULTURA

MESA SECTORIAL SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA

Nº SOCIO	ENTIDADE	CONCELLO	MESA SECTORIAL
123	ASOCIACIÓN DO TURISMO SOSTIBLE DE A CORUÑA	PADERNE	SECTOR DE TURISMO E HOSTALERIA

Anexo II: Proxectos apoiados pola Medida LEADER na Convocatoria 2021-2022



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



X  21·22

PROXECTOS PRODUTIVOS APOIADOS (2021-2022)

PISTA ECUESTRE PARA ENTRENAMIENTO, HIPOTERAPIA E ALTA TECNIFICACIÓN

Expediente: L21-1920-23-196

Promotor: Roi Calviño Rabón

Concello: Abegondo

Investimento: 120.000,00€

Contía subvención: 50.000,00€

Emprego: 3 (creación)

Descrición do proxecto: O promotor deste proxecto é unha persoa moza de 22 anos que leva dende moi neno practicando o deporte da equitación. Conta con ampla formación no sector (grado superior técnico deportivo de hípica, cursos de alta tecnificación e de hipoterapia). Pertence á selección española de hípica e participa en concursos a nivel nacional, europeo e internacional. Está considerado un deportista de alto rendemento pola Xunta de Galicia e o Goberno de España. Con este proxecto crea un centro hípico onde imparte cursos de alta tecnificación tentando achegar xinetes e amazonas de rancking mundial para que colaborasen con el, no ensino. Na actualidade compaxina a súa faceta competitiva coa de adestrador de xinetes aficcionados.



PEQUENA INDUSTRIA DE PRODUTOS CÁRNICOS E LOCAL DE VENDA DIRECTA VINCULADA Á EXPLOTACIÓN

Expediente: L21-1920-23-216

Promotor: Granxas Lousada

Concello: Irixoa

Investimento: 54.081,76€

Contía subvención: 29.217,88 €

Emprego: 2 (consolidación), 0,25 (creación)

Descrición do proxecto: O proxecto consiste na construción dunha edificación e o equipamento para destinalo a sala de despece e pequeno obradoiro de produtos cárnicos, empregando como materia prima da propia granxa, ademais de realizar a venda directa dos produtos que na granxa se producen.



AMPLIACIÓN EMPRESA DE XARDINERÍA EN ARTEIXO

Expediente: L21-1920-23-215

Promotor: Mallo Ares, S.L.

Concello: Arteixo

Investimento: 151.078,30€

Contía subvención: 50.000,00€

Emprego: 3 (creación), 4 (consolidación)

Descrición do proxecto: Este proxecto consiste na adquisición dunha máquina autopropulsada que permita mellorar as actuacións de poda das zonas verdes, incluíndo a vexetación ao carón das vías públicas. Ata a chegada desta máquina facíase manualmente esta labor.

ZONA FAN

Expediente: L21-1920-23-232

Promotor: Ocio Marinada, S.L.

Concello: Carral

Investimento: 116.070,79 €

Contía subvención: 50.000,00 €

Emprego: 4 (creación), 5 (consolidación)

Descrición do proxecto: A entidade promotora está constituída por dúas mulleres con ampla experiencia no sector do entretemento.

Con este proxecto ofrecen servizos de eventos de ocio infantís e familiares, para colexios (romarías, excursións, festas de fin de curso...), campamentos urbanos, talleres e actividades para a terceira idade e discapacitados e talleres educativos e actividades extraescolares. Ofertan un amplo abano de actividades de ocio adaptando estas, á demanda existente. Danlle prioridade ás actividades ao aire libre, incluíndo actividades con robótica e talleres educativos de firmas como Lego, Engino...).



DIXITALIZACIÓN EMPRESA

Expediente: L21-1920-23-219

Promotor: María Esther Lago Fariña

Concello: Curtis

Investimento: 4.833,88 €

Contía subvención: 2.199,42 €

Emprego: 2 (creación), 2,5 (consolidación)

Descrición do proxecto: A promotora deste proxecto é unha muller que conta cunha asesoría fiscal, laboral, contable e xurídica en Teixeira (Curtis). A promotora crea esta empresa con 23 anos e xa leva máis de 20 anos en funcionamento.

Con este proxecto a promotora da un paso na dixitalización da empresa, permitindo o teletraballo e a conciliación das persoas traballadoras.



COMPRA MATERIAL INFORMÁTICO

Expediente: L21-1920-23-221

Promotor: Peque Monster, S.L.

Concello: Bergondo

Investimento: 1.852,13 €

Contía subvención: 768,63 €

Emprego: 5,5 (consolidación)

Descrición do proxecto: As dúas socias da empresa adícanse a prestar servizos lúdicos e educativos (clases particulares a nenos; talleres de horta, alimentación saudable, teatro, artes plásticas, música, contacontos, tardes en familia...) ofrecendo un servizo ás familias da contorna.

Con este proxecto incorporan as novas tecnoloxías na xestión, para axilizar traballos administrativos e telematizar procedementos.

A incorporación das novas tecnoloxías no centro é moi importante para axilizar todos os trámites administrativos na súa relación coas familias, coas empresas de servizos e coa Administración Pública.



LIÑA PARA O ASTELADO

Expediente: L21-1920-23-207

Promotor: Maderas Gestal, S.L.

Concello: Oza-Cesuras

Investimento: 125.000,00€

Contía subvención: 50.000,00€

Emprego: 29 (consolidación)

Descrición do proxecto: Este investimento mellora o aproveitamento dos subprodutos do serradoiro (todos os restos da madeira serrada, como son costeiros, tacos, retestados, etc), que tiñan un maior custo de produción, dándolle unha nova vida aos mesmos a través da transformación en astelas.

Ao mesmo tempo permite mellorar o sistema de almacenamento dentro do serradoiro, o gasto de combustible e maquinaria para o transporte dos subprodutos e investimento en tempo nestes procesos



ESTABLECEMENTO SEDE SOCIAL E OFICINAS

Expediente: L21-1920-23-225

Promotor: Adrián José Paredes Vázquez

Concello: Cambre

Investimento: 10.524,74 €

Contía subvención: 3.999,40 €

Emprego: 1 (consolidación)

Descrición do proxecto: O promotor deste proxecto é un mozo con formación e experiencia profesional no adestramento e coidado de animais. Atópase dado de alta nesta actividade dende o ano 2017

Con este proxecto, dota de oficinas administrativas á parcela onde desenvolve a súa actividade para recibir aos clientes, ademais de adquirir equipamento básico para o desenvolvemento da actividade e un robot cortacésped para facilitarlle as tarefas de mantemento do terreo



GALPÓNS PARA GARDAR MAQUINARIA E LEÑA

Expediente: L21-1920-23-227

Promotor: Andrés Seoane Villaverde

Concello: Carral

Investimento: 52.906,71 €

Contía subvención: 19.575,48 €

Emprego: 2 (creación), 11 (consolidación)

Descrición do proxecto: O promotor deste proxecto conta cun serradoiro no concello de Carral, e este proxecto consiste na construción de dous galpóns nunha finca próxima ao mesmo.

A construción realízase en madeira de castaño e estes galpóns empréganse para gardar principalmente maquinaria e, en menor medida, madeira elaborada, taboleiro e táboa.



CENTRO DE FORMACIÓN TCP

Expediente: L21-1920-23-217

Promotor: READY4TAKEOFF, S.L.

Concello: Cambre

Investimento: 11.793,33 €

Contía subvención: 4.068,70 €

Emprego: 2 (creación)

Descrición do proxecto: O proxecto consiste en dotar con dispositivos 3D de realidade virtual para a formación e aprendizaxe de futuros tripulantes de cabina de pasaxeiros. A través destes dispositivos de simulación tridimensional é posible maximizar o potencial do adestramento en voo con ferramentas de realidade virtual de punta, creadas especificamente para a aviación.

As demandas competitivas do mercado das compañías aéreas requiren métodos e dispositivos de adestramento cada vez máis eficaces e eficientes para preparar membros da tripulación de cabina resilientes e competentes. Os escenarios de adestramento experimentáanse na última xeración de cascos de realidade virtual e dispositivos móbiles ofrecendo un alto nivel de realismo e inmersión emocional sen necesidade de adestradores de cabina físicos.



ADQUISICIÓN MESA RECOÑECEMENTO POPA SUITE GATOS

Expediente: L21-1920-23-233

Promotor: Vetcur Servicios Veterinarios, S.L.

Concello: Curtis

Investimento: 3.143,00 €

Contía subvención: 1.068,62 €

Emprego: 3 (creación)

Descrición do proxecto: Este proxecto foi promovido por unha sociedade de dúas persoas socias, veterinarios, e especializada en prestar servizos veterinarios, salón de peiteado e venda de produtos para animais no concello de Curtis. A clínica está especializada en dar servizos veterinarios a cans e gatos.

Con este proxecto dótase dunha mesa de exploración de maiores dimensións, para atender a cans de gran tamaño, e de gaiolas para manter aos gatos en observación na clínica.



CONSULTORÍA DIGITAL

Expediente: L21-1920-23-205

Promotor: Santiago Jesús Méndez Pérez

Concello: Oleiros

Investimento: 59.602,01 €

Contía subvención: 19.072,64 €

Emprego: 1 (consolidación)

Descrición do proxecto: A persoa detrás do proxecto é un profesional especializado en comercio internacional. Esta persoa desenvolve a súa actividade desde decembro de 2018 como profesional autónomo, con diferentes clientes de varios sectores profesionais. Co presente proxecto pretende reorientar o seu negocio para consolidalo no panorama empresarial actual, cun plan de crecemento e oficina física para poder atender aos clientes nun espazo propio así como xerar emprego estable.



COMPRA MAQUINARIA PARA MELLORA DE NEGOCIO

Expediente: L21-1920-23-229

Promotor: Feribeco, S.L.

Concello: Curtis

Investimento: 91.800,00 €

Contía subvención: 28.917,00 €

Emprego: 10 (consolidación)

Descrición do proxecto: A empresa promotora conta con máis de 20 anos de actividade, e entre os seus servizos está o de alugar maquinaria e equipos de construción.

Este proxecto consistiu na adquisición dunha excavadora.



PROXECTOS NON PRODUTIVOS (ENTIDADES PÚBLICAS)

ESTUDIO E DIAGNOSE PARA A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO RURAL NO CONCELLO DE OZA-CESURAS

Expediente: L21-1920-23-213

Promotor: Concello de Oza-Cesuras

Concello: Oza-Cesuras

Investimento: 10.466,50 €

Contía subvención: 9.419,85€

Descrición do proxecto: Este proxecto non produtivo está promovido polo Concello de Oza-Cesuras e consiste en definir os usos que se lle dará á recuperación e rehabilitación do antigo sanatorio de tuberculosos de Paraxón, na parroquia de Bragade. O obxectivo final é definir de xeito participativo os usos para unha posterior recuperación e rehabilitación do antigo edificio do Sanatorio de tuberculosos coa finalidade de que sirva como proxecto tractor do medio rural no que se atopa.



CENTRO PARA ESTANCIAS DE INVESTIGADORES NA RESERVA DE BIOSFERA MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

Expediente: L21-1920-23-218

Promotor: Concello de Abegondo

Concello: Abegondo

Investimento: 105.230,67 €

Contía subvención: 50.000,00€

Descrición do proxecto: Este proxecto consiste na creación dun Centro para estancias de investigadores nun edificio anexo ao Centro de Recepción de Visitantes da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Con este proxecto preténdese que unha ou dúas persoas investigadoras poidan desenvolver estudos e análises científicos de investigación, na procura de coñecemento en temas de interese para o territorio de Mariñas-Betanzos. Neste centro, contéplase incorporar o necesario para a estada do persoal investigador durante o tempo de duración do estudo.



MELLORA E ACTUALIZACIÓN ROTEIROS DE MARIÑAN, COSTA DA ÉGOA, MÁRTIRES DE CARRAL E RIBEIRA DO RÍO BARCÉS

Expediente: L21-1920-23-220

Promotor: Concello de Carral

Concello: Carral

Investimento: 21.459,96 €

Contía subvención: 19.313,96 €

Descrición do proxecto: O Concello de Carral, a finais dos anos 80 do século XX, inicia a sinalización dos chamados “Roteiros Culturais”, o “Roteiros dos Mártires” e o “Roteiro do Vello Camiño de Santiago”. Trátase de promocionar o concello por medio da visita a lugares de singular interese ligados por unha senda. Da mesma maneira, acometéronse importantes obras de consolidación en distintos bens culturais (Conxunto hidráulico de Costa da Égoa e Igrexa de San Pedro de Rubieiro. Despois de 30 anos, estes roteiros precisan unha mellora e actualización, tanto da súa infraestrutura como para ser utilizada por novos usuarios (veciñanza que camiña, ciclistas, corredores, alén dos simples excursionistas).

O proxecto ten por obxecto mellorar o Roteiro de Costa da Égoa, homologado pola Federación Galega de Montaña, así como incorporar códigos QR nas sinais e paneis.



TRANSFORMACIÓN DIXITAL EN CURTIS

Expediente: L21-1920-23-222

Promotor: Concello de Curtis

Concello: Curtis

Investimento: 56.899,16 €

Contía subvención: 16.187,70€

Descrición do proxecto: O proxecto consiste na transformación dixital municipal a través do uso das novas tecnoloxías. Este investimento melloraría o servizo ofertado por esta entidade local á cidadanía introducindo unha solución innovadora mediante o uso das TIC.



PROXECTOS NON PRODUTIVOS(ENTIDADES PRIVADAS)

CREACIÓN SALA DE XOGOS E OCIO

Expediente: L21-1920-23-209

Promotor: Terciarios Capuchinos

Concello: Arteixo

Investimento: 30.691,05 €

Contía subvención: 27.621,95 €

Descrición do proxecto: Este proxecto consiste na reforma dun local para a creación dunha sala de xogos e ocio, dando resposta aos seguintes obxectivos:

- Atender ás necesidades detectadas para ter un lugar adecuado de esparcemento dos menores sobre todo en días nos que non se poida estar no exterior.
- Dotar dun espazo adecuado a diversas actividades deportivas realizadas e en especial á actividade de esgrima que se realiza en colaboración coa Fundación Imelga e a entidade Zalaeta 100Tolos que se desenvolve semanalmente desde o ano 2018.
- Mellorar as condicións de seguridade nestas actividades.



CONTORNA BENESTAR E CALIDADE DE VIDA

Expediente: L21-1920-23-212

Promotor: Aspanaes

Concello: Culleredo

Investimento: 29.653,47 €

Contía subvención: 26.688,12 €

Descrición do proxecto: Con este proxecto preténdese crear ambientes seguros, evitando contornos que polas súas características poidan ser perigosos. En ocasións os usuarios do centro poden presentar problemas de conducta intensos (autolesión, agresividade, estado de nerviosismo, tirarse de golpe o chan, golpear superficies,...) por diferentes motivos. Estas situacións problemáticas, pode ser extremadamente perigosa para a propia persoa con TEA e tamén para as persoas do seu arredor, si se presenta nunha contorna que non é o suficientemente adaptado ou segura.



EQUIPAMENTO VETERINARIO

Expediente: L21-1920-23-210

Promotor: Gatocán

Concello: Coirós

Investimento: 14.497,92 €

Contía subvención: 6.211,32 €

Descrición do proxecto: Con este proxecto mellórase o equipamento veterinario das instalacións da Asociación Protectora de Animais Gatocán mediante a adquisición do seguinte material veterinario para a correcta atención e coidado dos animais: mesa de cirurxía hidráulica; UCI con conexión para nebulizador; nebulizador para UCI Pet; lámpada led parede; respirador electrónico; compresor para respirador electrónico; Ecógrafo; Batería ecógrafo 2 horas.





RESULTADOS



	2021		2020	
	Importe	% Distribución	Importe	% Distribución
Actividade propia	38.331,79 €	7 %	69.699,35 €	13,90%
Ingresos financeiros	4,10 €	0 %	0 €	0%
Outros ingresos da actividade	0 €	0 %	0 €	0%
Subvencións e proxectos	477.685,67€	86 %	385.710,20€	76,95%
Subvencións de capital traspasadas ao excedente do exercicio	1.202 €	0,20 %	7.864,22 €	1,57%
Cotas asociados	38.000 €	6,80 %	38.000 €	7,58%
TOTAL	555.223,56€	100 %	501.273,77€	100%

OS
NOSOS

INGRESOS

Resumo da nosa conta de resultados exercicio anual rematado o 31 de decembro de 2021

OS NOSOS GASTOS

RESULTADO: 10.196,98 € (EXCEDENTE POSITIVO)

** Inclúen gastos asociados aos proxectos desenvoltos (Proxecto EcoComedores, Animación e Formación, Medida LEADER 2014-2020, Proxecto LIFE Fluvia, Proxecto LIFE Water Way, Xeodestino Destino EcoTurístico, Ruritage, e Programas de Educación Ambiental)*

Esperamos as túas suxestións

	2019	2020		
	Importe	% Distribución	Importe	% Distribución
Amortizacións	1.537,76 €	0,28 %	10.856,46 €	2,34%
Gastos de persoal	228.538,32 €	41,94 %	227.977,10 €	49,17%
Outros gastos da actividade *	313.347,21 €	57,49 %	222.819,63 €	48,06%
Gastos financeiros	1.603,49 €	0,29 %	1.967,04 €	0,42%
TOTAL	545.026,58€	100 %	424.761,88€	100%

Calquera opinión ou comentario en relación a esta memoria ou a calquera temática vinculada co traballo da Asociación é máis que benvida! Podes escribirnos ao enderezo electrónico info@marinasbetanzos.gal ou facernos unha visita en:

Asociación de Desenvolvemento Rural
Mariñas-Betanzos

San Marcos, s/n (Antiga Cámara Agraria, 1º
andar)

CP 15318

Abegondo, A Coruña

981 669 541

info@marinasbetanzos.gal

www.marinasbetanzos.gal



ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL
MARIÑAS-BETANZOS



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACION



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



X  21-22